




www.gdrpontevedramorrazo.eu
#SOMOSGDR

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO **LEADER 23-27**

DOCUMENTO H,I OBXECTIVOS E PLAN DE ACCIÓN DA ESTRATEGIA



ÍNDICE

1. Introducción.....	5
1.1. Introdución ao apartado	7
2. Obxectivos da estratexia	9
2.1. Mapa do plan de acción: obxectivos da estratexia.....	11
2.2. Adecuación dos obxectivos ao marco estratéxico	16
2.3. Adecuación dos obxectivos e liñas de actuación da EDLP ás necesidades identificadas no PEPAC 17	
3. Plan de acción da estratexia: liñas de actuación e medidas.....	21
3.1. Programa de actuacións.....	23
4. Plan de animación do GDR.....	75
4.1. Obxectivos da animación.....	77
4.2. Accións previstas	77
4.2.1. Plan comunicación 23_27 do GDR Pontevedra Morrazo.....	77
4.2.2. Campaña de comunicación, promoción e dinamización da IXP Ribeiras do Morrazo	77
4.2.3. Desenvolvemento da "Ruta do viños Oceánicos": Enoturismo na IXP Ribeiras do Morrazo	78
4.2.4. Mesa redonda "Viñedos resilientes: prácticas sustentables na vitivinicultura"......	78
4.2.5. Xornadas "Recuperando o rural: ferramentas para a mobilización de terras abandonadas".....	78
4.2.6. Xornadas sobre "os mercados do carbono: retos e oportunidades do sector forestal".	78
4.2.7. Seminario para a elaboración de Plans de RSE/RSC para promotores do GDR.	79
4.2.8. Iniciativas de concienciación e fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.....	79
4.2.9. Proxecto "Memoria sonora" de activación da memoria a través da música de Raíz"	79
4.2.10. Campaña dixital de Sensibilización ambiental: "Preservar a paisaxe: un compromiso compartido".....	80
5. Plan de formación	81
5.1. Xustificación da formación a partir da diagnose da estratexia.....	83
5.2. Programa de formación 1: Viticultura sustentable.....	86
5.2.1. Introdución e xustificación.....	86
5.2.2. Sector de referencia ao que se dirixe a formación.....	86
5.2.3. Obxectivos	86
5.2.3.1. Obxectivo principal.....	86
5.2.3.2. Obxectivos específicos:.....	86
5.2.4. Proposta de contidos	86
5.2.4.1. Introdución á viticultura sustentable	86
5.2.4.2. Manexo sostible do viñedo	87

5.2.5.	Persoal formador.....	87
5.2.6.	Alumnado ou colectivos destinatarios	87
5.3.	Programa de formación 2: Silvicultura sustentable	87
5.3.1.	Introdución e xustificación.....	87
5.3.2.	Sector de referencia ao que se dirixe a formación.....	88
5.3.3.	Obxectivos	88
5.3.3.1.	Obxectivo principal.....	88
5.3.3.2.	Obxectivos específicos.....	88
5.3.4.	Proposta de contidos	88
5.3.4.1.	Introdución á silvicultura e á xestión forestal sostible.....	88
5.3.4.2.	Producións alternativas e diversificación	89
5.3.4.3.	Mercados de carbono e oportunidades para propietarios forestais.....	89
5.3.5.	Persoal formador.....	89
5.3.6.	Alumnado ou colectivos destinatarios	89
6.	Plan de cooperación	91
6.1.	Obxectivos da cooperación	93
6.2.	Potenciais proxectos a desenvolver.....	93
6.2.1.	Proxecto 1. Fomento da artesanía alimentaria e das producións de calidade diferenciada	94
6.2.2.	Proxecto 2. Cooperación para a valorización dos servizos ecosistémicos do monte	96
6.2.3.	Proxecto 3. Enoturismo nas IXP de viños de Galicia.....	98
6.2.4.	Proxecto 4. Mentorización en dixitalización e comercio electrónico para empresas rurais	100
7.	Planificación temporal	103
7.1.	Planificación temporal.....	105
7.1.1.	Planificación de accións de animación.....	105
7.1.2.	Planificación de programas de formación	106
7.1.3.	Planificación de proxectos de cooperación	106
8.	Indicadores.....	107
8.1.	Cadros de indicadores de seguimento da estratexia.....	109
9.	Anexo.	111
9.1.	Plan de mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural e cultural	113

1. Introducción

1.1. Introducción ao apartado

Este documento recolle os contidos referentes aos Obxectivos e Plan de Acción da estratexia, que corresponden cos apartados H e I do anexo C das bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

O principal obxectivo deste documento é o recoller o plan de acción e outros factores da estratexia que contén os seguintes elementos:

1. Obxectivos da estratexia. A través do plan do plan de acción, recolle a distribución dos obxectivos estratéxicos e os obxectivos específicos correspondentes, tendo en consideración a súa adecuación ao marco estratéxico.
2. Plan de acción da estratexia: liñas de actuación e medidas. Seguindo a distribución pautada nos obxectivos asócianse as liñas de actuación correspondentes a cada obxectivo, así como as medidas ou proxectos de referencia que se pretenden implementar. Isto é o que chamamos programa de actuacións.
3. Plan de animación da estratexia. Recolle as accións que se prevén desenvolver, con carácter xenérico, para dinamizar o territorio e fortalecer o cumprimento dos obxectivos pautados na estratexia.
4. Plan de formación do GDR. O plan recolle as accións formativas que se pretenden desenvolver que poden revestir diferentes formatos. Indícanse os sectores aos que se dirixe a formación, partindo da análise das necesidades detectada na diagnose da estratexia. Recóllense a maiores criterios sobre aspectos docentes e do alumnado.
5. Plan de cooperación. Recóllense as propostas para o traballo en rede con outros GDR ou entidades, que poden revestir o formato de proxectos de cooperación, ou ben outro tipo de actividades.
6. Planificación temporal. Cronograma onde establécese unha previsión temporal para dar cumprimento ao conxunto de actividades e contidos descritos anteriormente.
7. Indicadores de avaliación. Recóllense os cadros de indicadores do conxunto de accións da estratexia, coas correspondentes metas a acadar.
8. Anexo Plan de mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural e cultural, no que se identifican as principais intervencións que se consideran de interese en cada un dos concellos do territorio do GDR Pontevedra Morrazo.

2. Obxectivos da estratexia

2.1. Mapa do plan de acción: obxectivos da estratexia

A continuación expoñemos o mapa do plan de acción da estratexia que contén os obxectivos estratéxicos, os obxectivos específicos e as liñas de actuación.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: Preservar o medio rural de Pontevedra O Morrazo mediante un modelo de desenvolvemento agrícola e forestal sostible, que favoreza o aproveitamento dos recursos autóctonos e a adaptación ao cambio climático.

Obxectivo específico 1.1.: Impulsar un modelo de produción agraria sostible, innovador, orientado á neutralidade climática, á conservación da biodiversidade, á recuperación de terras e ao fomento da diversificación económica, que poña en valor os recursos autóctonos e as produción locais.

Este obxectivo persegue un modelo de desenvolvemento sostible, adaptado ás necesidades do cambio climático, respectuoso co medio natural e potenciador dos recursos locais, acorde á Estratexia da Granxa á Mesa.

Preténdense poñer en marcha actuacións para reducir a emisión de CO₂ nas explotacións agrarias, ao tempo que se aposta pola conservación do medio natural e a diversidade de cultivos autóctonos. Tamén se apoia a promoción de actividades agrarias como modelo de diversificación. Por último, ponse énfase en frear o abandono das terras agrarias, apoiándose na Lei de recuperación de terra agraria de Galicia.

Liñas de actuación

Liña de actuación 1.1.1: Investimentos en eficiencia enerxética e/ou enerxías renovables nas explotacións agrarias.

Liña de actuación 1.1.2: Contribuír á sostibilidade do medio natural preservando a biodiversidade e a paisaxe.

Liña de actuación 1.1.3: Apoio ao tecido empresarial do territorio na diversificación con actividades complementarias de carácter agrario, gandeiro ou agroforestal.

Liña de actuación 1.1.4: Aposta por un modelo produtivo agrario no que se fomenta a agricultura e gandería ecolóxica, as variedades autóctonas e a calidade diferencial dos produtos.

Liña de actuación 1.1.5: Mellorar o aproveitamento das terras agrarias promovendo a recuperación para o seu cultivo e freando o abandono e o risco de incendios.

Obxectivo específico 1.2.: Fomentar o tecido empresarial vinculado á transformación e comercialización dos produtos agrícolas e gandeiros, impulsando a innovación e o valor engadido.

O obxectivo pretende posicionar o produto agrogandeiro da comarca, apostando por un modelo produtivo adaptado ás necesidades do entorno, e tamén ao marco normativo que procede das políticas da UE. Para isto, segundo se pode ver nas tres liñas de actuación recollidas, a mellora da competitividade e a innovación son factores relevantes, que se complementan coa aposta por unha produción de calidade, artesanal, onde o produto local é o principal recurso.

Preténdese reforzar o establecemento dun modelo que prime a comercialización de proximidade como factor de redución da pegada de carbono, e tamén de redución de custes. Tamén se contempla a dixitalización do mercado, como unha vía complementaria para xerar máis valor na comercialización.

Liñas de actuación

Liña de actuación 1.2.1: Consolidación dun sector da agroindustria de base local, innovador, competitivo, e que potencie a actividade económica no medio rural.

Liña de actuación 1.2.2: Producións agrogandeiras de calidade para a xeración de valor engadido e diferencial dos produtos e aposta pola elaboración artesanal.

Liña de actuación 1.2.3: Promoción do comercio de proximidade como factor de recoñecemento e vinculación coas producións locais e a mitigación do cambio climático

Obxectivo específico 1.3: Recuperar o valor multifuncional do monte, tendo en conta os aspectos sociais, económicos e ambientais, e promovendo a súa xestión sostible.

O monte é un dos principais recursos a valorizar no territorio, para o cal se aposta por un modelo que conxuga o aproveitamento económico, sobre todo centrado no ámbito enerxético, co aproveitamento multifuncional, que a maiores do anterior, tamén impacta social e ambientalmente. Os recursos que se poden extraer do monte son moi variados, pero demándase unha maior profesionalización e transición dixital no modelo de xestión, que deben aplicar as comunidades de montes e os propietarios particulares.

Liñas de actuación

Liña de actuación 1.3.1: Aproveitamento da madeira coma materia prima e fonte de enerxía

Liña de actuación 1.3.2: Aproveitamento multifuncional do monte

Liña de actuación 1.3.3.: Valorización dos servizos ecosistémicos

Liña de actuación 1.3.4: Fomento da xestión sostible e activa do monte

Obxectivo específico 1.4.: Garantir a sostibilidade e o interese polas actividades agrarias a través dun sector agrario, innovador, igualitario, e inclusivo.

Preténdese que o sector agrario sexa competitivo a través da innovación, a mitigación do cambio climático e o reforzo da vertente máis social. Fomentar a cultura da cooperación e o traballo en grupo, garantir o recoñecemento social e dignificación das profesións agrarias e promover unha maior igualdade neste ámbito, son factores que deben orientar o futuro do sector.

Liñas de actuación

Liña de actuación 1.4.1: Promoción da innovación, os saberes tradicionais e a modernización para manter un ecosistema sostible, preservar a biodiversidade e loitar contra o cambio climático.

Liña de actuación 1.4.2: Fomento da cooperación e o asociacionismo como ferramenta para o desenvolvemento do sector agrario.

Liña de actuación 1.4.3: Impulso da Igualdade e inclusión no sector primario.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2. Desenvolver un modelo de produción local baseado na dixitalización, a transición ecolóxica e a sustentabilidade.

Obxectivo específico 2.1: Impulsar a creación, modernización ou ampliación de pequenas empresas para diversificar a economía local e favorecer a creación e consolidación do emprego.

A finalidade deste obxectivo consiste en promover unha economía local de base produtiva e diversa que faga máis forte os sectores socioeconómicos locais, dando lugar a posibilidade de aparición de novos negocios non agrarios. O desenvolvemento económico de base local, onde se potencie a dotación de servizos á cidadanía, contribuirá a frear o éxodo demográfico do medio rural.

Liñas de actuación

Liña de actuación 2.1.1: Impulsar a creación, modernización e expansión de pequenas empresas innovadoras non agrarias no territorio

Liña de actuación 2.1.2: Impulsar fórmulas empresariais innovadoras centradas na valoración, promoción e comercialización das producións locais.

Obxectivo específico 2.2.: Mellorar a viabilidade do tecido empresarial turístico mediante a mellora das instalacións e o fomento dunha oferta turística integrada e de calidade.

Este obxectivo pretende reforzar a sostibilidade do turismo como factor de diversificación da economía local, apostando pola dotación de infraestruturas de calidade, eficientes, tanto no sector da hostalería como nos servizos turísticos complementarios. Tamén se pretende fomentar a conexión do turismo coa valorización do produto agrario local e os recursos patrimoniais.

Liñas de actuación

Liña de actuación 2.2.1: Apoiar a creación, mellora e modernización de establecementos turísticos e o desenvolvemento de servizos turísticos complementarios.

Liña de actuación 2.2.2: Impulsar investimentos en infraestruturas recreativas e turísticas de uso público, así como a posta en valor e aproveitamento turístico da paisaxe e dos recursos culturais e naturais do territorio.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3. Mellorar o benestar social e reforzar a cohesión e integración das persoas no medio rural mediante a xeración de emprego e a mellora da calidade de vida.

Obxectivo específico 3.1: Impulsar a creación, mellora ou ampliación de servizos, actividades e infraestruturas de uso social.

Preténdese facer un rural máis vivo recuperando a cultura de comunidade, para o cal é necesario reforzar a dotación de servizos para mellorar a calidade de vida da poboación, facilitando tamén o acceso á vivenda e á dixitalización.

Trátase de fornecer á poboación de servizos que primen a igualdade e o seu benestar, atendendo á diversidade de perfís sociais (maiores, comunidades marxinais, de migrantes,...) que habitan o territorio. Tamén rachar a fenda dixital, promovendo proxectos innovadores como aldeas modelo, smart villages, reforzando ao mesmo tempo a accesibilidade dixital.

Liñas de actuación

Liña de actuación 3.1.1: Apoiar a creación, mellora ou ampliación de infraestruturas e de servizos para a poboación rural, con atención aos colectivos desfavorecidos e optimizando os recursos dispoñibles.

Liña de actuación 3.1.2: Apoio á creación de pequenas infraestruturas relacionadas con fontes alternativas de enerxía renovable e/ou o aforro enerxético, que contribúan a un medio rural baixo en carbono.

Liña de actuación 3.1.3: Facilitar o acceso da poboación rural ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) para reducir a fenda dixital e promover a inclusión dixital.

Obxectivo específico 3.2: Promover a cohesión social e integración da poboación rural.

O obxectivo principal é o de impulsar actuacións que favorezan a igualdade de xénero e aos colectivos con máis dificultades de integración social. Neste sentido a poboación migrante pode ser unha oportunidade para revitalizar os núcleos rurais, dando cobertura tamén ás demandas do mercado laboral nas profesións agrarias.

Liñas de actuación

Liña de actuación 3.2.1.: Promover a igualdade e a integración social no rural, implementando accións que fomenten a igualdade de oportunidades e a convivencia inclusiva.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4: Dar a coñecer, conservar, recuperar e poñer en valor o patrimonio natural e cultural.

Obxectivo específico 4.1: Promover unha maior conciencia social sobre a importancia de preservar e coidar o patrimonio natural e cultural.

Preténdese tender cara a neutralidade climática, poñendo énfase na necesidade de sensibilizar á poboación sobre o coidado da contorna natural. Trátase de promover unha sociedade máis colaborativa e participativa na xestión do seu propio medio.

Liñas de actuación

Liña de actuación 4.1.1: Impulsar unha sociedade máis sostible e ecolóxica mediante accións de sensibilización e salvagarda do patrimonio.

Obxectivo específico 4.2: Promover a conservación, recuperación e valorización do patrimonio natural e cultural

Obxectivo que quere conseguir unha mellora dos aspectos ambientais e culturais da zona rural a través de accións enfocadas á recuperación e á valorización dos espazos e recursos naturais e patrimoniais. Indicar que se contempla un anexo ao plan de acción, onde se recolle de maneira exhaustiva unha relación de bens, que poderían ser obxecto de financiamento a través da estratexia.

Liñas de actuación

Liña de actuación 4.2.1: Conservar e recuperar o patrimonio cultural e os espazos naturais de alto valor ecolóxico.

Liña de actuación 4.2.2.: : Desenvolver instrumentos que promovan e fomenten a posta en valor e difusión do patrimonio natural e cultural.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5. Fortalecer a cooperación interterritorial e transnacional.

Obxectivo específico 5.1: Promover a innovación e cooperación no territorio, mellorar a gobernanza e o traballo en rede.

Trátase de reforzar a capacidade de intercooperación no territorio sobre todo a través de liñas de actuación que animen á participación e colaboración entre persoas, colectivos e entidades como medio para impulsar o deseño e posta en práctica de proxectos innovadores.

Liñas de actuación

Liña de actuación 5.1.1: Mellorar a gobernanza do territorio fomentando o traballo en rede entre entidades.

Obxectivo específico 5.2. Potenciar a cooperación interterritorial ou transnacional nos territorios rurais para reforzar o cumprimento dos obxectivos das EDLP.

O obxectivo quere reforzar a cooperación entre GDR, de cara ao cumprimento dos obxectivos das EDLP comúns en diferentes territorios. Promover o traballo coordinado entre GDR, para dar resposta unha resposta compartida a necesidades identificadas en diferentes ámbitos e temáticas.

Liñas de actuación

Liña de actuación 5.2.1. Cooperación entre GDR na aplicación da Estratexia de desenvolvemento local participativa.

2.2. Adecuación dos obxectivos ao marco estratéxico

Neste apartado realizamos unha vinculación entre os obxectivos estratéxicos e específicos coa análise diagnóstica da estratexia. Apréciase unha alta atención e cobertura dos obxectivos ás necesidades definidas no territorio, a través do DAFO.

Adecuación de obxectivos á diagnose estratéxica (DAFO)	
OBJECTIVO ESTRATÉGICO 1	RELACIÓN CO DAFO
Obxectivo específico 1.1.: Impulsar un modelo de produción agraria sostible, innovador, orientado á neutralidade climática, á conservación da biodiversidade, á recuperación de terras e ao fomento da diversificación económica, que poña en valor os recursos autóctonos e as produción locais.	Debilidades: 1, 11, 18-21, 23-29, 39-43, 47-50, 55, 57 Ameazas: 5, 10-13, 16-24, 27, 29, 30 Fortalezas: 2-4, 7-11, 13-16, 18, 21-25, 34-41, 45 Oportunidades: 4-8, 15, 18, 19, 21, 22, 25-28, 31, 32
Obxectivo específico 1.2.: Fomentar o tecido empresarial vinculado á transformación e comercialización dos produtos agrícolas e gandeiros, impulsando a innovación e o valor engadido.	Debilidades: 1, 10, 11, 15-17, 25, 37-39, 42, 43, 47-58 Ameazas: 1-3, 6, 8-10, 15-17, 19, 21, 28, 31 Fortalezas: 2, 6-15, 25, 34, 37, 42-46 Oportunidades: 3, 7-9, 14, 16, 21, 28, 30-35
Obxectivo específico 1.3.: Recuperar o valor multifuncional do monte, tendo en conta os aspectos sociais, económicos e ambientais, e promovendo a súa xestión sostible.	Debilidades: 1,2, 11-16, 19-28, 33-43, 47-49, 56, 58 Ameazas: 8-24, 29-31 Fortalezas: 1-6, 10-15, 18, 23-29, 34-41, 43, 45, 46 Oportunidades: 3-7, 17-29, 32-35
Obxectivo específico 1.4.: Garantir a sostibilidade e o interese polas actividades agrarias a través dun sector agrario, innovador, igualitario, e inclusivo.	Debilidades: 1, 2, 7-10, 13-15, 25-28, 33-43, 47, 53-57 Ameazas: 10, 13-24, 28, 29 Fortalezas: 2-6, 10, 11, 13-15, 23-29, 34-41, 43, 45 Oportunidades: 5-8, 17-28, 32, 35

Adecuación de obxectivos á diagnose estratéxica (DAFO)	
OBJECTIVO ESTRATÉGICO 2	RELACIÓN CO DAFO
Obxectivo específico 2.1.: Impulsar a creación, modernización ou ampliación de pequenas empresas para diversificar a economía local e favorecer a creación e consolidación do emprego.	Debilidades: 1-5, 10, 15, 31-35, 48, 51, 52, 58 Ameazas: 3, 6, 15-18, 30, 31 Fortalezas: 1,2, 13, 14, 20-25, 42-46 Oportunidades: 8, 17, 28-35
Obxectivo específico 2.2.: Mellorar a viabilidade do tecido empresarial turístico mediante a mellora das instalacións e o fomento dunha oferta turística integrada e de calidade.	Debilidades: 10, 29-32, 35, 36, 38, 39, 44-46 Ameazas: 1, 2, 15-17, 25, 26 Fortalezas: 1, 2, 6-11, 16-22, 30-33, 45, 46 Oportunidades: 8-16, 18-20, 28, 29, 31, 32, 34, 35

Adecuación de obxectivos á diagnose estratéxica (DAFO)	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3	RELACIÓN CO DAFO
Obxectivo específico 3.1: Impulsar a creación, mellora ou ampliación de servizos, actividades e infraestruturas de uso social.	Debilidades: 1-10, 15-17, 25-27, 57, 58 Ameazas: 3-7, 16, 17, 30, 31 Fortalezas: 2-5, 13, 14, 22, 23, 25, 30-33, 40-46 Oportunidades: 1-3, 9, 18, 19, 21, 23-26, 28-35
Obxectivo específico 3.2: Promover a cohesión social e integración da poboación rural.	Debilidades: 1-10, 12-16, 25, 26, 35, 37, 41, 49, 58 Ameazas: 3-7, 15, 31 Fortalezas: 3-5, 46 Oportunidades: 1, 2, 28, 29, 35

Adecuación de obxectivos á diagnose estratéxica (DAFO)	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4	RELACIÓN CO DAFO
Obxectivo específico 4.1: Promover unha maior conciencia social sobre a importancia de preservar e coidar o patrimonio natural e cultural.	Debilidades: 35-46, 55, 56 Ameazas: 3, 19-26 Fortalezas: 10, 16-33, 38 Oportunidades: 14-19, 21
Obxectivo específico 4.2: Promover a conservación, recuperación e valorización do patrimonio natural e cultural	Debilidades: 11, 12, 15, 16, 20-28, 33-50, 58 Ameazas: 5, 19-26, 29-31 Fortalezas: 3, 4, 10, 11, 16-25, 30-33, 35-37 Oportunidades: 17-28, 30, 31, 35

Adecuación de obxectivos á diagnose estratéxica (DAFO)	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5	RELACIÓN CO DAFO
Obxectivo específico 5.1: Promover a innovación e cooperación no territorio, mellorar a gobernanza e o traballo en rede.	Debilidades: 1-3, 11, 13-22, 24, 30, 31 Ameazas: 10, 14-17, 19, 23 Fortalezas: 1-5, 10-15, 21, 22, 25, 35, 38 Oportunidades: 4, 8, 28, 31, 32
Obxectivo específico 5.2. Potenciar a cooperación interterritorial ou transnacional nos territorios rurais para reforzar o cumprimento dos obxectivos das EDLP.	Debilidades: 3, 15, 16, 18-22, 30, 31, 35, 40 Ameazas: 1-7, 10, 11, 13, 14, 16-19 Fortalezas: 2, 8-11, 16, 19-21, 32 Oportunidades: 9-16, 18, 21, 28-30, 32, 35

2.3. Adecuación dos obxectivos e liñas de actuación da EDLP ás necesidades identificadas no PEPAC

O programa Leader encaixa no obxectivo da PAC S08 “Promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o

desenvolvemento local nas zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sustentable”.

Neste apartado vemos a atención do plan de acción da estratexia na cobertura nas necesidades definidas no Plan Estratéxico da PAC para España. As necesidades que atende o programa Leader son as seguintes.

Necesidade que aborda a intervención 7119. Leader	
08.01	Permanencia e asentamento de nova poboación, novas e mulleres
08.02	Sistemas agroalimentario e forestal sustentables e diversificadores
08.03	Emprendemento e talento innovador
08.04	Infraestruturas e servizos en áreas rurais
08.05	Desenvolvemento endóxico
08.06	Mellora de colectivos en risco de exclusión social
08.07	Bioeconomía
08.08	Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bioeconomía
08.09	Xestión forestal sustentable
08.10	Silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e pastoreo
08.11	Explotacións de mulleres
08.12	Incorporación e permanencia mulleres
08.13	Órganos de decisión e mulleres

Na seguinte táboa vemos a relación entre as necesidades definidas e as liñas de actuación da estratexia, ao obxecto de ver o grao de cobertura que o programa Leader ten en Pontevedra O Morrazo, en relación ás necesidades que se definen para o conxunto de España no Plan Estratéxico da PAC.

Podemos ver como o plan de acción da estratexia dá cobertura a todas as necesidades definidas na intervención 7119 do Leader.

COBERTURA DE NECESIDADES DO PLAN DE ACCIÓN DA EDLP													
EDLP	NECESIDADES PEPAC. 7119 LEADER												
	08.01	08.02	08.03	08.04	08.05	08.06	08.07	08.08	08.09	08.10	08.11	08.12	08.13
LA111							■						
LA112		■			■								
LA113			■		■								
LA114		■			■		■		■	■			
LA115				■	■					■			
LA121		■	■										
LA122								■					
LA123		■							■				
LA131					■			■					
LA132		■					■						
LA133		■					■	■	■				
LA134							■		■				
LA141									■				
LA142		■		■				■					
LA143	■					■					■	■	■
LA211	■		■										
LA212			■										
LA221		■	■	■									
LA222			■										
LA311			■		■								
LA312							■	■					
LA313				■									
LA321	■					■					■	■	■
LA411				■	■								
LA421				■				■					
LA422				■	■								
LA511			■	■	■								
LA521	■	■	■	■	■		■	■	■	■			
TOTAL	4	9	9	9	10	2	7	7	6	3	2	2	2

3. Plan de acción da estratexia: liñas de actuación e medidas

3.1. Programa de actuacións

Neste apartado recolleemos o programa de actuacións vinculadas aos obxectivos da estratexia. As fichas conteñen, dende unha estrutura xerárquica, a distribución de medidas ou accións a desenvolver, incluíndo aqueles proxectos que se consideran significativos ou prioritarios para atender ás necesidades do territorio.

Obxectivo estratéxico 1: Preservar o medio rural de Pontevedra O Morrazo mediante un modelo de desenvolvemento agrícola e forestal sostible, que favoreza o aproveitamento dos recursos autóctonos e a adaptación ao cambio climático.	
Obxectivo específico 1.1.: Impulsar un modelo de produción agraria sostible, innovador, orientado á neutralidade climática, á conservación da biodiversidade, á recuperación de terras e ao fomento da diversificación económica, que poña en valor os recursos autóctonos e as producións locais.	
Liña de actuación 1.1.1: Investimentos en eficiencia enerxética e/ou enerxías renovables nas explotacións agrarias.	
Os avances tecnolóxicos en materia de produción e consumo de enerxía supoñen unha vantaxe a incorporar nas explotacións agrarias. Contar con investimentos a prol da eficiencia enerxética alíñase cos valores da sostibilidade ambiental, controlando o consumo de recursos.	
Medidas ou accións a desenvolver	
<ul style="list-style-type: none"> • Apoio a investimentos en explotacións agrarias relativos á mellora da eficiencia enerxética e/ ou o emprego de enerxías renovables, sempre e cando non supoñan a venda á rede. Poderanse empregar a enerxía procedente de fontes renovables non fósiles: enerxía eólica; solar (térmica e fotovoltaica); xeotérmica; enerxía ambiente; mareomotriz, undimotriz e outros tipos de enerxía oceánica; hidráulica; biomasa, gases de vertedoiro e gases de plantas de depuración; biogás e aerotermia. 	
Potenciais beneficiarias	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. • Organizacións profesionais agrarias e organizacións agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> • CUMA (Cooperativas de utilización de maquinaria agraria) • SAT (Sociedades agrarias de transformación) • Cooperativas e outras entidades da economía social
Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 10. Investimentos produtivos no sector da produción agraria primaria • Artigo 11. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos agrarios • Artigo 12. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos forestais • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. • Artigo 14. Bono Activa rural 	
Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables	
10.1. Incremento da eficiencia enerxética e/ou emprego de enerxías renovables en explotacións agrarias	

- 10.4. Aumento de pequenos proxectos non financiados ao abeiro do Plan Estratéxico nacional
- 11.2. Mellora na modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios
- 12.1. Aumento e melloras en empresas de transformación e comercialización de produtos forestais
- 12.2. Incremento do uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía
- 12.3. Incremento da produción de bioprodutos forestais
- 12.4 Mellora no proceso de transformación e comercialización de produtos forestais co emprego de maquinaria
- 13.1. Aumento de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía
- 13.2. Mellora na modernización de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía
- 14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural

Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)

- 3. Promoción do desenvolvemento sustentable

<p>Obxectivo estratéxico 1: Preservar o medio rural de Pontevedra O Morrazo mediante un modelo de desenvolvemento agrícola e forestal sostible, que favoreza o aproveitamento dos recursos autóctonos e a adaptación ao cambio climático.</p>	
<p>Obxectivo específico 1.1.: Impulsar un modelo de produción agraria sostible, innovador, orientado á neutralidade climática, á conservación da biodiversidade, á recuperación de terras e ao fomento da diversificación económica, que poña en valor os recursos autóctonos e as producións locais.</p>	
<p>Liña de actuación 1.1.2: Contribuír á sostibilidade do medio natural preservando a biodiversidade e a paisaxe.</p>	
<p>O coidado do medio reflíctese ao longo da estratexia. A sostibilidade do medio pode fomentarse a través de accións directas (conservación da biodiversidade e coidado da paisaxe), así como a través de accións de concienciación e sensibilización coa poboación (por exemplo, a través de recollidas de lixo na natureza). Ambas actividades nútrense dos avances realizados no ámbito científico sobre conversación do territorio e incidencia do lixo nos ecosistemas, acompañando ás accións de resultados medibles.</p>	
<p>Medidas ou accións a desenvolver</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Accións destinadas á mellora da biodiversidade e a conectividade ecolóxica en explotacións agrarias, tales como restauración de sebes, bosquetes, zonas húmidas,... • Carbon farming. Introducción de novas prácticas que aumenten a riqueza orgánica do chan. • Recuperación de cultivos tradicionais de horta, vitícolas, para preservación da súa biodiversidade. • Fomento de actividades de limpeza ecolóxicas e compatibles coa preservación da biodiversidade do medio natural. 	
<p>Potenciais beneficiarias</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. • Organizacións profesionais agrarias e organizacións agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
<p>Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 10. Investimentos produtivos no sector da produción agraria primaria • Artigo 12. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos forestais • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva 	
<p>Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables</p>	
<p>10.2. Mellora da biodiversidade e a conectividade ecolóxica en explotacións agrarias</p> <p>10.3. Incremento de actividades agrarias de diversificación por parte de promotores que desenvolven actividades non agrarias</p> <p>10.4. Aumento de pequenos proxectos non financiados ao abeiro do Plan Estratéxico nacional</p> <p>10.5 Incremento dos instrumentos de mobilización de terras agrarias no territorio</p> <p>12.2. Incremento do uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía</p> <p>12.3. Incremento da produción de bioprodutos forestais</p>	

13.2. Mellora na modernización de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía
14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural
15.1. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural
15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural

Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)

3. Promoción do desenvolvemento sustentable

<p>Obxectivo estratéxico 1: Preservar o medio rural de Pontevedra O Morrazo mediante un modelo de desenvolvemento agrícola e forestal sostible, que favoreza o aproveitamento dos recursos autóctonos e a adaptación ao cambio climático.</p>	
<p>Obxectivo específico 1.1.: Impulsar un modelo de produción agraria sostible, innovador, orientado á neutralidade climática, á conservación da biodiversidade, á recuperación de terras e ao fomento da diversificación económica, que poña en valor os recursos autóctonos e as producións locais.</p>	
<p>Liña de actuación 1.1.3: Apoio ao tecido empresarial do territorio na diversificación con actividades complementarias de carácter agrario, gandeiro ou agroforestal.</p>	
<p>As iniciativas de diversificación no sector primario constitúen unha nova liña de traballo que permite poñer en valor as actividades agrarias, gandeiras e agroforestais. Aparte de constituír unha liña de ingresos complementaria á actividade principal, as actividades de diversificación permiten elaborar e construír un relato arredor das producións agrarias primarias, poñendo en valor aspectos culturais e saberes do territorio, que se transmiten a todas aquelas persoas con interese por coñecer o sector primario.</p>	
<p>Medidas ou accións a desenvolver</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Apoio a pequenos investimentos en actividades agrícolas, gandeiras ou agroforestais complementarias doutra actividade principal non agraria. • Apoio a proxectos que combinen actividades de turismo e lecer coa produción agraria ou gandeira, dunha maneira integrada, potenciando ao mesmo tempo o aproveitamento multifuncional con explotacións de gando, horta, cultivos ou aproveitamentos forestais. • Promoción de proxectos que vinculen as actividades agrarias cos oficios tradicionais. 	
<p>Potenciais beneficiarias</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. • Organizacións profesionais agrarias e organizacións agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> • SAT (Sociedades agrarias de transformación) • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
<p>Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 10. Investimentos produtivos no sector da produción agraria primaria • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva 	
<p>Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables</p>	
<p>10.4. Aumento de pequenos proxectos non financiados ao abeiro do Plan Estratéxico nacional 10.5 Incremento dos instrumentos de mobilización de terras agrarias no territorio 13.1. Aumento de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía 13.2. Mellora na modernización de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p>	

<p>13.3. Incremento de actividades de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria</p> <p>14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural</p> <p>15.1. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural</p> <p>15.2. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural</p> <p>15.3. Mellora na prestación de servizos ou creación de novos servizos para a poboación rural, incluíndo a realización de actividades recreativas e culturais.</p> <p>15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural</p>
<p>Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)</p>
<p>1. Igualdade de xénero 2. Loita contra a discriminación 3. Promoción do desenvolvemento sustentable</p>

<p>Obxectivo estratéxico 1: Preservar o medio rural de Pontevedra O Morrazo mediante un modelo de desenvolvemento agrícola e forestal sostible, que favoreza o aproveitamento dos recursos autóctonos e a adaptación ao cambio climático.</p>	
<p>Obxectivo específico 1.1.: Impulsar un modelo de produción agraria sostible, innovador, orientado á neutralidade climática, á conservación da biodiversidade, á recuperación de terras e ao fomento da diversificación económica, que poña en valor os recursos autóctonos e as producións locais.</p>	
<p>Liña de actuación 1.1.4: Aposta por un modelo produtivo agrario no que se fomente a agricultura e gandería ecolóxica, as variedades autóctonas e a calidade diferencial dos produtos.</p>	
<p>Os produtos de calidade son un sinal de identidade do territorio que pretende reforzarse. Incídese na produción ecolóxica, nas variedades autóctonas e na calidade dos produtos. O recoñecemento a través de selos de calidade, os modelos de produción a pequena escala, que inciden no local e na sostibilidade, son decisivos. Por último, apóstase pola implantación de cultivos pouco explotados.</p>	
<p>Medidas ou accións a desenvolver</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Promoción de proxectos que incidan nun modelo de alimentación saudable baseada en produtos de calidade. • Apoio e promoción da recuperación de variedades autóctonas de cultivos tradicionais de alto valor. Tamén a recuperación de razas autóctonas na gandería. • Promoción da agricultura ecolóxica, tendendo cara pequenas producións ou explotacións nas que se prime a calidade do produto e o valor engadido. • Fomento de novos cultivos ou cultivos con baixa implantación: oliveiras, explotacións de resina dos piñeiros, mel, explotacións de caracois, cultivo de froitos vermellos como arandos, framboesas, moras, etc. • Formación e apoio a iniciativas vinculadas á produción de calidade diferenciada, amparada en figuras de protección como as indicacións xeográficas protexidas ou as denominacións de orixe, como por exemplo, a viticultura. 	
<p>Potenciais beneficiarias</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. • Organizacións profesionais agrarias e organizacións agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
<p>Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 10. Investimentos produtivos no sector da produción agraria primaria • Artigo 12. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos forestais • Artigo 14. Bono Activa rural 	
<p>Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables</p>	
<p>10.2. Mellora da biodiversidade e a conectividade ecolóxica en explotacións agrarias 10.4. Aumento de pequenos proxectos non financiados ao abeiro do Plan Estratéxico nacional 12.3. Incremento da produción de bioproductos forestais 14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural</p>	
<p>Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)</p>	

3. Promoción do desenvolvemento sustentable	
<p>Obxectivo estratéxico 1: Preservar o medio rural de Pontevedra O Morrazo mediante un modelo de desenvolvemento agrícola e forestal sostible, que favoreza o aproveitamento dos recursos autóctonos e a adaptación ao cambio climático.</p>	
<p>Obxectivo específico 1.1.: Impulsar un modelo de produción agraria sostible, innovador, orientado á neutralidade climática, á conservación da biodiversidade, á recuperación de terras e ao fomento da diversificación económica, que poña en valor os recursos autóctonos e as producións locais.</p>	
<p>Liña de actuación 1.1.5: Mellorar o aproveitamento das terras agrarias promovendo a recuperación para o seu cultivo e freando o abandono e o risco de incendios.</p>	
<p>A ordenación do territorio é fundamental para unha boa conservación do medio. A fragmentación na titularidade das terras é un obstáculo a superar, a través dun aproveitamento das terras en desuso ou abandono, mitigando os riscos a nivel medioambiental que provoca o abandono. A xeolocalización e unha actualización do catastro, por exemplo, permitirían coñecer as extensións de terra dispoñibles e trazar un plan para poñelas en valor a través da gobernanza e a cohesión social.</p>	
Medidas ou accións a desenvolver	
<ul style="list-style-type: none"> • Apoio á implementación de instrumentos de posta en valor da superficie agraria, en liña co estipulado na Lei de recuperación de terra agraria de Galicia. Promoción de polígonos agroforestais, aldeas modelo, permutas, etc. • Mellora da gobernanza e custodia do territorio, incidindo con accións de sensibilización na sociedade sobre a importancia que ten o mantemento das actividades agrogandeiras e forestais, para a prevención de incendios ou para frear o abandono. • Actividades de formación que melloren a gobernanza dos recursos locais e reforcen a cohesión social do territorio. • Procesos de dixitalización e xeolocalización de parcelas, co fin de loitar contra o minifundio e poder poñelas en valor, incluíndo tamén proxectos que reforcen a súa actualización catastral. • Mecanismos que potencien a cesión de parcelas para a súa xestión por parte de comunidades de montes ou outras entidades, co fin de poñelas en valor, freando o abandono. • Melloras na accesibilidade para pequenas explotacións. 	
Potenciais beneficiarias	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. • Organizacións profesionais agrarias e organizacións agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 10. Investimentos produtivos no sector da produción agraria primaria • Artigo 11. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos agrarios • Artigo 12. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos forestais • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva 	

Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables
10.2. Mellora da biodiversidade e a conectividade ecolóxica en explotacións agrarias 10.4. Aumento de pequenos proxectos non financiados ao abeiro do Plan Estratégico nacional 10.5 Incremento dos instrumentos de mobilización de terras agrarias no territorio 14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural 15.1. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural 15.3. Mellora na prestación de servizos ou creación de novos servizos para a poboación rural, incluíndo a realización de actividades recreativas e culturais. 15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural
Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)
3. Promoción do desenvolvemento sustentable

<p>Obxectivo estratéxico 1: Preservar o medio rural de Pontevedra O Morrazo mediante un modelo de desenvolvemento agrícola e forestal sostible, que favoreza o aproveitamento dos recursos autóctonos e a adaptación ao cambio climático.</p>	
<p>Obxectivo específico 1.2.: Fomentar o tecido empresarial vinculado á transformación e comercialización dos produtos agrícolas e gandeiros, impulsando a innovación e o valor engadido.</p>	
<p>Liña de actuación 1.2.1: Consolidación dun sector da agroindustria de base local, innovador, competitivo, e que potencie a actividade económica no medio rural.</p>	
<p>A transformación dos produtos é un paso fundamental para acadar un maior valor engadido. Debe realizarse baixo criterios sostibles e incorporando ferramentas dixitais dispoñibles que favorezan a comercialización directa. É preciso fomentar unha industria que garanta a trazabilidade dos produtos, enfocada cara a competitividade na calidade e a innovación.</p>	
<p>Medidas ou accións a desenvolver</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Apoio a pequenos proxectos ou investimentos que afonden na transformación de produtos agrarios (diferentes tratamentos, deshidratados, envasado, empaque,...) co obxectivo de obter maior valor engadido nas producións, reforzando tamén a comercialización directa con potenciais consumidores. • Promoción de melloras tecnolóxicas e dixitais que permitan optimizar o proceso de produción e transformación dos produtos agrarios tendendo cara a transformación ecolóxica, optimizando o uso da auga, os tratamentos fitosanitarios nos cultivos,... • Apoio á creación de salas de despece, matadoiros en ecolóxico, etc. que garantan mellor a trazabilidade dos produtos. • Fomento da colaboración entre pequenos produtores artesáns de produtos agroalimentarios de calidade diferenciada para a creación de espazos de coworking. • Formación e asesoramento técnico, para mellorar a cualificación, capacitación e fomento da profesionalidade no ámbito rural e tamén a competitividade de explotacións (vitivinicultura sustentable, agricultura ecolóxica, gandería, etc.). 	
<p>Potenciais beneficiarias</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. • Organizacións profesionais agrarias e organizacións agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> • SAT (Sociedades agrarias de transformación) • Cooperativas e outras entidades da economía social
<p>Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 11. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos agrarios. • Artigo 14. Bono Activa rural 	
<p>Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables</p>	
<p>11.1. Aumento de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios 11.2. Mellora na modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios 14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural</p>	
<p>Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)</p>	
<p>3. Promoción do desenvolvemento sustentable</p>	

<p>Obxectivo estratéxico 1: Preservar o medio rural de Pontevedra O Morrazo mediante un modelo de desenvolvemento agrícola e forestal sostible, que favoreza o aproveitamento dos recursos autóctonos e a adaptación ao cambio climático.</p>	
<p>Obxectivo específico 1.2.: Fomentar o tecido empresarial vinculado á transformación e comercialización dos produtos agrícolas e gandeiros, impulsando a innovación e o valor engadido.</p>	
<p>Liña de actuación 1.2.2: Producións agrogandeiras de calidade para a xeración de valor engadido e diferencial dos produtos e aposta pola elaboración artesanal.</p>	
<p>Os procesos e elaboracións artesanais teñen unha alta valoración social na actualidade. Mediante esta liña de actuación preténdese fomentar a produción agroalimentaria baixo criterios de calidade, proximidade e artesanía. Así mesmo, ponse o énfase na alimentación saudable ligada ao sector primario, tendo en conta tamén as canles de comercialización locais.</p>	
<p>Medidas ou accións a desenvolver</p>	
<p>13.1. Aumento de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.2. Mellora na modernización de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.3. Incremento de actividades de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria</p> <p>14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural</p> <p>15.1. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural</p> <p>15.2. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural</p> <p>15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural</p>
<p>Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)</p>
<p>2. Loita contra a discriminación 3. Promoción do desenvolvemento sustentable</p>

<p>Obxectivo estratéxico 3. Mellorar o benestar social e reforzar a cohesión e integración das persoas no medio rural mediante a xeración de emprego e a mellora da calidade de vida.</p>	
<p>Obxectivo específico 3.1: Impulsar a creación, mellora ou ampliación de servizos, actividades e infraestruturas de uso social.</p>	
<p>Liña de actuación 3.1.1: Apoiar a creación, mellora ou ampliación de infraestruturas e de servizos para a poboación rural, con atención aos colectivos desfavorecidos e optimizando os recursos dispoñibles.</p>	
<p>O acceso aos servizos é un ámbito de traballo mellorable para a poboación residente no rural. Os coidados, a conciliación e o desenvolvemento comunitario son factores que fan poboacións resilientes e promoven a fixación de poboación. Nesta liña de actuación prevense accións de fomento do asociacionismo, a rehabilitación de infraestruturas existentes dedicadas a usos sociais, e as actividades dinamizadoras de distintos colectivos.</p>	
<p>Medidas ou accións a desenvolver</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Dotación de servizos e/ou infraestruturas de atención a persoas no medio rural con especial énfase en persoas dependentes e/ou colectivos desfavorecidos. • Proxectos que fomenten a inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación, a integración social, o envellecemento activo ou saudable, ou investimentos innovadores como as smart villages ou as aldeas modelo. • Accións dirixidas ao acondicionamento e/ou rehabilitación de edificacións existentes (casas reitorais, escolas unitarias, etc.) e mobiliario e equipamentos necesarios para os novos requirimentos de servizos e usos, sociais, culturais etc., no ámbito rural (ludotecas, locais sociais, etc.). • Promoción do asociacionismo e apoio ao desenvolvemento de proxectos ou programas innovadores, culturais, recreativos e de lecer participativos. • Proxectos que incentiven a colaboración activa do tecido asociativo do territorio, principalmente do terceiro sector, para que os seus servizos e actividades cheguen ao rural, aumentando a calidade de vida das persoas. • Iniciativas orientadas a promover o benestar emocional e social de persoas en situación de discapacidade (Alzheimer, deterioración cognitiva, discapacidade intelectual etc.) a través da intervención musical baseada na música de raíz. • Apoio a accións encamiñadas ao fomento da Responsabilidade Social Corporativa, nas entidades do ámbito social. 	
<p>Potenciais beneficiarias</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
<p>Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva 	

Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables
<p>13.1. Aumento de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.2. Mellora na modernización de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.3. Incremento de actividades de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria</p> <p>14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural</p> <p>15.2. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural</p> <p>15.3. Mellora na prestación de servizos ou creación de novos servizos para a poboación rural, incluíndo a realización de actividades recreativas e culturais.</p> <p>15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural</p>
Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)
<p>1. Igualdade de xénero 2. Loita contra a discriminación 3. Promoción do desenvolvemento sustentable</p>

<p>Obxectivo estratéxico 3. Mellorar o benestar social e reforzar a cohesión e integración das persoas no medio rural mediante a xeración de emprego e a mellora da calidade de vida.</p>	
<p>Obxectivo específico 3.1: Impulsar a creación, mellora ou ampliación de servizos, actividades e infraestruturas de uso social.</p>	
<p>Liña de actuación 3.1.2: Apoio á creación de pequenas infraestruturas relacionadas con fontes alternativas de enerxía renovable e/ou o aforro enerxético, que contribúan a un medio rural baixo en carbono.</p>	
<p>A autonomía enerxética das comunidades rurais e a sensibilización sobre o coidado medioambiental aténdense nesta liña de actuación. Apoiaranse iniciativas relacionadas con infraestruturas e equipamentos dotados de enerxías renovables, así como o autoconsumo de enerxía limpa; estas son accións necesarias para mitigar o impacto negativo do cambio climático. Prevense, ademais, accións de sensibilización medioambiental.</p>	
<p style="text-align: center;">Medidas ou accións a desenvolver</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Apoio a investimentos en infraestruturas e/ou equipamentos relacionados co uso das enerxías renovables (solar, eólica, ...) que non supoñan a venda a rede. • Promoción de pequenas comunidades enerxéticas, orientadas ao autoconsumo, promovidas por entidades colectivas, comunidades de montes veciñais en man común etc. • Accións de sensibilización sobre a redución da pegada de carbono e o apoio a procesos de mellora do aforro e da eficiencia enerxética 	
<p style="text-align: center;">Potenciais beneficiarias</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. • Organizacións profesionais agrarias e organizacións agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> • SAT (Sociedades agrarias de transformación) • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
<p style="text-align: center;">Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 10. Investimentos produtivos no sector da produción agraria primaria • Artigo 11. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos agrarios • Artigo 12. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos forestais • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva 	
<p style="text-align: center;">Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables</p>	
<p>10.1. Incremento da eficiencia enerxética e/ou emprego de enerxías renovables en explotacións agrarias</p> <p>10.4. Aumento de pequenos proxectos non financiados ao abeiro do Plan Estratéxico nacional</p> <p>11.2. Mellora na modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios</p> <p>12.1. Aumento e melloras en empresas de transformación e comercialización de produtos forestais</p> <p>12.2. Incremento do uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía</p>	

- | |
|--|
| <p>14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural</p> <p>15.1. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural</p> <p>15.3. Mellora na prestación de servizos ou creación de novos servizos para a poboación rural, incluíndo a realización de actividades recreativas e culturais.</p> <p>15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural</p> |
|--|

<p>Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)</p>

- | |
|--|
| <p>3. Promoción do desenvolvemento sustentable</p> |
|--|

<p>Obxectivo estratéxico 3. Mellorar o benestar social e reforzar a cohesión e integración das persoas no medio rural mediante a xeración de emprego e a mellora da calidade de vida.</p>	
<p>Obxectivo específico 3.1: Impulsar a creación, mellora ou ampliación de servizos, actividades e infraestruturas de uso social.</p>	
<p>Liña de actuación 3.1.3: Facilitar o acceso da poboación rural ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) para reducir a fenda dixital e promover a inclusión dixital.</p>	
<p>As novas tecnoloxías son ferramentas imprescindibles para o desenvolvemento económico e social dos territorios. Achegar estes servizos á poboación fomenta o acceso á información e servizos que inciden na calidade de vida e nas posibilidades de desenvolvemento territorial. O acceso aos equipamentos e á rede tecnolóxica complementase con accións relacionadas coa formación sobre o seu uso.</p>	
<p style="text-align: center;">Medidas ou accións a desenvolver</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Apoio a investimentos relacionados co uso e a mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral, uso da «internet das cousas» e proxectos de dixitalización de servizos ou infraestruturas públicas • Mellorar as competencias dixitais da xente no rural tendo en consideración os perfís sociais (idade, xénero,..). 	
<p style="text-align: center;">Potenciais beneficiarias</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. • Organizacións profesionais agrarias e organizacións agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
<p style="text-align: center;">Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 10. Investimentos produtivos no sector da produción agraria primaria • Artigo 11. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos agrarios • Artigo 12. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos forestais • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva 	
<p style="text-align: center;">Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables</p>	
<p>13.1. Aumento de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.2. Mellora na modernización de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.3. Incremento de actividades de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria</p> <p>14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural</p> <p>15.2. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural</p>	

15.3. Mellora na prestación de servizos ou creación de novos servizos para a poboación rural, incluíndo a realización de actividades recreativas e culturais.

15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural

Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)

1. Igualdade de xénero 2. Loita contra a discriminación 3. Promoción do desenvolvemento sustentable

<p>Obxectivo estratéxico 3. Mellorar o benestar social e reforzar a cohesión e integración das persoas no medio rural mediante a xeración de emprego e a mellora da calidade de vida.</p>	
<p>Obxectivo específico 3.2: Promover a cohesión social e integración da poboación rural.</p>	
<p>Liña de actuación 3.2.1.: Promover a igualdade e a integración social no rural, implementando accións que fomenten a igualdade de oportunidades e a convivencia inclusiva.</p>	
<p>A dinamización comunitaria é un elemento imprescindible para o desenvolvemento territorial. Programas dirixidos ao intercambio xeracional, á inclusión social e á igualdade de xénero inciden positivamente no benestar da poboación.</p>	
<p>Medidas ou accións a desenvolver</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Realizar campañas de sensibilización e programas de formación para promover a igualdade de xénero, a inclusión das persoas con discapacidade e a non discriminación. Isto pode incluír obradoiros, charlas e material educativo que traten temas de igualdade e diversidade. • Promoción de espazos no rural que fomenten a cultura de comunidade e reforcen a prestación de servizos e actividades para familias, nenos,... • Promoción de actividades e establecementos que atendan ao benestar físico e mental das persoas. • Organización de programas que fomenten a colaboración entre mozos e maiores, para facilitar a interacción e o intercambio de coñecementos entre as distintas xeracións no rural. • Apoio a proxectos que promovan a vivenda comunitaria, vivenda compartida, o cohousing de persoas maiores, ou bolsas de vivenda para persoas traballadoras. • Proxectos de promoción da vivenda ou o alugueiro nas zonas rurais dirixidas especialmente a colectivos en risco de exclusión. • Programas de formación-emprego destinados a colectivos de migrantes ou persoas discapacitadas, co obxectivo de cubrir a demanda de moitos postos de traballo en actividades agrarias. • Apoio a programas de educación non formal e capacitación vocacional para desenvolver habilidades relevantes para o mercado laboral local. • Programas específicos de empoderamento das mulleres rurais, dotándoas de formación en competencias empresariais etc. e fomento da súa participación na toma de decisións a nivel comunitario. • Apoio a proxectos que reforcen a igualdade de oportunidades, e visibilicen e contribúan a dinamizar aos colectivos desfavorecidos, maiores, persoas dependentes etc., co obxectivo de favorecer a súa integración social. • Campañas e outras actividades de comunicación que promovan unha sociedade máis igualitaria e inclusiva. 	
<p>Potenciais beneficiarias</p>	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. • Organizacións profesionais agrarias e organizacións agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro

Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva
Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables
<p>14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural</p> <p>15.1. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural</p> <p>15.2. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural</p> <p>15.3. Mellora na prestación de servizos ou creación de novos servizos para a poboación rural, incluíndo a realización de actividades recreativas e culturais.</p> <p>15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural</p>
Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)
<p>1. Igualdade de xénero 2. Loita contra a discriminación 3. Promoción do desenvolvemento sustentable</p>

Obxectivo estratéxico 4: Dar a coñecer, conservar, recuperar e poñer en valor o patrimonio natural e cultural.	
Obxectivo específico 4.1: Promover unha maior conciencia social sobre a importancia de preservar e coidar o patrimonio natural e cultural.	
Liña de actuación 4.1.1: Impulsar unha sociedade máis sostible e ecolóxica mediante accións de sensibilización e salvagarda do patrimonio.	
O patrimonio natural é un recurso a coidar e a poñer en valor. Faise preciso acondicionar os espazos mellorando a súa conservación, e ampliar o seu uso para a comunidade. Ademais, cómpre realizar accións de sensibilización sobre a importancia de coidar destes espazos, tanto a nivel ambiental como social.	
Medidas ou accións a desenvolver	
<ul style="list-style-type: none"> • Programas ou actividades relacionadas coa conservación, mantemento e mellora dos valores ecolóxicos, económicos e sociais dos recursos naturais, contando coa implicación das comunidades rurais, escolares, etc. • Actuacións dirixidas a concienciar á cidadanía sobre o valor e o significado do patrimonio, así como das posibles ameazas, a través da sinalización, recursos de interpretación, campañas de comunicación ou actividades educativas. • Accións de sensibilización sobre os grandes prexuízos que provoca a contaminación, o lixo, a sobrecarga de persoas, etc. en determinados espazos naturais. • Elaboración e divulgación de estudos sobre o estado ambiental do patrimonio natural do territorio, identificando puntos negros de contaminación para a súa erradicación. • Proxectos de cartografía colaborativa nos que se promove a participación activa da comunidade para identificar e documentar sitios do patrimonio natural, ou cultural, en risco. • Aproveitamentos da paisaxe a través de infraestruturas de lecer como as redes de miradoiros, parques forestais, etc. 	
Potenciais beneficiarias	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 10. Investimentos produtivos no sector da produción agraria primaria • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva 	
Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables	

- 10.3. Incremento de actividades agrarias de diversificación por parte de promotores que desenvolven actividades non agrarias
- 10.4. Aumento de pequenos proxectos non financiados ao abeiro do Plan Estratégico nacional
- 13.3. Incremento de actividades de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria
- 14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural
- 15.1. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural
- 15.2. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural
- 15.3. Mellora na prestación de servizos ou creación de novos servizos para a poboación rural, incluíndo a realización de actividades recreativas e culturais.
- 15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural

Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)

- 3. Promoción do desenvolvemento sustentable

Obxectivo estratéxico 4: Dar a coñecer, conservar, recuperar e poñer en valor o patrimonio natural e cultural.	
Obxectivo específico 4.2: Promover a conservación, recuperación e valorización do patrimonio natural e cultural	
Liña de actuación 4.2.1: Conservar e recuperar o patrimonio cultural e os espazos naturais de alto valor ecolóxico	
A integración da paisaxe é un elemento importante nesta liña de actuación, para fomentar unha convivencia en harmonía entre elementos patrimoniais a protexer, cunha actividade produtiva. Ademais, contéplase a promoción do patrimonio cultural a través de programas, onde pode sacarse partido das novas tecnoloxías como elemento innovador.	
Medidas ou accións a desenvolver	
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de promoción do patrimonio cultural nos territorios; como exemplo, a recuperación de patrimonio etnográfico: muíños, camiños e sendeiros de pedra. • Conservación e posta en valor do patrimonio cultural arqueolóxico: redución de riscos, interacción construtiva coa actividade forestal, impacto na poboación local, apropiación social do patrimonio. • Plan específico de mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural e cultural, no que se identifican unha serie de recursos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural das poboacións, das paisaxes rurais e de zonas de alto valor natural, co obxecto de precisar as principais intervencións que se consideran de interese en cada un dos concellos do territorio de Pontevedra Morrazo (ver anexo Plan de acción). • Fomento da biodiversidade e vitalidade dos ecosistemas, erradicando as especies foráneas invasoras e promovendo as autóctonas. • Apoio as iniciativas de cooperación para a creación de entidades de custodia do territorio. • Integración paisaxística e redución do impacto visual das infraestruturas enerxéticas e de comunicacións. • Obradoiros interactivos e programas educativos en escolas e comunidades locais para ensinar sobre a importancia do patrimonio cultural e como conservalo. • Apoio a iniciativas de Realidade Virtual e Aumentada que permiten, usando tecnoloxías inmersivas, recrear e preservar contornas históricas e culturais en perigo de extinción. • Promover prácticas turísticas responsables que respecten e preserven o patrimonio cultural e natural do territorio. 	
Potenciais beneficiarias	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 10. Investimentos produtivos no sector da produción agraria primaria • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. 	

<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva
<p>Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables</p>
<p>10.4. Aumento de pequenos proxectos non financiados ao abeiro do Plan Estratéxico nacional</p> <p>13.1. Aumento de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.2. Mellora na modernización de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.3. Incremento de actividades de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria</p> <p>14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural</p> <p>15.1. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural</p> <p>15.2. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural</p> <p>15.3. Mellora na prestación de servizos ou creación de novos servizos para a poboación rural, incluíndo a realización de actividades recreativas e culturais.</p> <p>15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural</p>
<p>Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)</p>
<p>1. Igualdade de xénero 2. Loita contra a discriminación 3. Promoción do desenvolvemento sustentable</p>

Obxectivo estratéxico 4: Dar a coñecer, conservar, recuperar e poñer en valor o patrimonio natural e cultural.	
Obxectivo específico 4.2: Promover a conservación, recuperación e valorización do patrimonio natural e cultural	
Liña de actuación 4.2.2.: : Desenvolver instrumentos que promovan e fomenten a posta en valor e difusión do patrimonio natural e cultural.	
Ademais de coidar o patrimonio, é importante poñer o foco na súa difusión. A posta en valor do patrimonio natural e cultural debe enxalzarse e ofrecerse de forma atractiva cara á poboación e ás persoas interesadas en coñecer o territorio. Para iso, pódense fomentar centros de interpretación, actividades didácticas e de lecer, a gamificación para unha participación e aprendizaxe activo sobre o patrimonio, ou o uso de novas tecnoloxías.	
Medidas ou accións a desenvolver	
<ul style="list-style-type: none"> • Proxectos que combatan o feísmo na contorna rural e que preserven e poñan en valor a paisaxe do rural. • Creación de aulas ou centros de interpretación da natureza e o patrimonio. • Proxectos e actividades que dinamicen e poñan en valor o patrimonio cultural, tanto material coma inmaterial a través da gamificación patrimonial, desenvolvendo xogos e aplicacións interactivas que fomenten a aprendizaxe e a participación activa no patrimonio cultural. • Organización de actividades didácticas para rescatar e valorar o patrimonio cultural inmaterial a través da música de raíz. • Actividades de recollida e valorización dos coñecementos e saberes tradicionais, ligados ao desenvolvemento de actividades agrarias, e ao modo de vida do rural • Accións innovadoras de difusión e divulgación (Podcasts e vídeos educativos, videotelling, Código QR e etiquetas intelixentes, apps, webs, redes sociais, documentais, etc) dos elementos patrimoniais naturais e culturais do territorio. 	
Potenciais beneficiarias	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva 	
Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables	
<p>13.1. Aumento de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.2. Mellora na modernización de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p>	

- 13.3. Incremento de actividades de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria
- 14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural
- 15.1. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural
- 15.2. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural
- 15.3. Mellora na prestación de servizos ou creación de novos servizos para a poboación rural, incluíndo a realización de actividades recreativas e culturais.
- 15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural

Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)

- 1. Igualdade de xénero 2. Loita contra a discriminación 3. Promoción do desenvolvemento sustentable

Obxectivo Estratéxico 5. Fortalecer a cooperación interterritorial e transnacional.	
Obxectivo específico 5.1: Promover a innovación e cooperación no territorio, mellorar a gobernanza e o traballo en rede.	
Liña de actuación 5.1.1: Mellorar a gobernanza do territorio fomentando o traballo en rede entre entidades.	
<p>Trátase de establecer mecanismos de gobernanza sobre o propio territorio e a actividade. As relacións de participación, colaboración e cooperación deben ser o eixo sobre o que articular o modelo produtivo nos territorios. As administracións deben abrir canles de escoita e toma de decisións conxuntas xunto co tecido social, e deben promoverse espazos de intercambio de coñecementos e necesidades, para a posta en marcha de solucións conxuntas.</p>	
Medidas ou accións a desenvolver	
<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de formación en metodoloxías participativas para fomentar un maior dinamismo das institucións e entidades locais na promoción de proxectos que melloren a gobernanza do territorio. • Implantar programas de formación en colaboración entre institucións e organizacións para favorecer o desenvolvemento de competencias e coñecementos a nivel local. • Promoción da igualdade de oportunidades e a responsabilidade social corporativa nas empresas e entidades do territorio. • Fomento do autoemprego colectivo e do emprendemento a través de fórmulas da economía social. • Fomento de redes de cooperación e innovación que propicien o intercambio de experiencias e a transferencia do coñecemento e as boas prácticas. • Crear espazos de coworking onde emprendedores e profesionais poidan compartir recursos e colaborar en proxectos innovadores. • Impulsar a creación de alianzas estratéxicas entre empresas, universidades e centros de investigación para impulsar a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no territorio. • Crear programas de titoría e apoio empresarial para emprendedores locais, facilitando o acceso a recursos, coñecemento e redes de contacto. 	
Potenciais beneficiarias	
<ul style="list-style-type: none"> • Empresas: empresariado individual ou sociedades mercantís • Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. • Organizacións profesionais agrarias e organizacións agrarias 	<ul style="list-style-type: none"> • CUMA (Cooperativas de utilización de maquinaria agraria) • SAT (Sociedades agrarias de transformación) • Cooperativas e outras entidades da economía social • Entidades públicas de carácter local o comarcal • Fundacións, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro
Investimentos subvencionables prioritarios no apoio a terceiras persoas (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 10. Investimentos produtivos no sector da produción agraria primaria • Artigo 11. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos agrarios • Artigo 12. Investimentos produtivos en transformación e comercialización de produtos forestais • Artigo 13. Investimentos produtivos na creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias. 	

<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 14. Bono Activa rural • Artigo 15. Investimentos en proxectos de natureza non produtiva
<p>Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables</p>
<p>10.1. Incremento da eficiencia enerxética e/ou emprego de enerxías renovables en explotacións agrarias</p> <p>10.2. Mellora da biodiversidade e a conectividade ecolóxica en explotacións agrarias</p> <p>10.3. Incremento de actividades agrarias de diversificación por parte de promotores que desenvolven actividades non agrarias</p> <p>10.4. Aumento de pequenos proxectos non financiados ao abeiro do Plan Estratéxico nacional</p> <p>10.5 Incremento dos instrumentos de mobilización de terras agrarias no territorio</p> <p>11.1. Aumento de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios</p> <p>11.2. Mellora na modernización de empresas de transformación e comercialización de produtos agrarios</p> <p>12.1. Aumento e melloras en empresas de transformación e comercialización de produtos forestais</p> <p>12.2. Incremento do uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía</p> <p>12.3. Incremento da produción de bioprodutos forestais</p> <p>12.4 Mellora no proceso de transformación e comercialización de produtos forestais co emprego de maquinaria</p> <p>13.1. Aumento de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.2. Mellora na modernización de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria que supoñan unha mellora da calidade da vida e diversificación da economía</p> <p>13.3. Incremento de actividades de pequenas empresas en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria</p> <p>14. 1 Aumento de actividades non agrícolas nas zonas rurais financiadas a través do Bono Activa Rural</p> <p>15.1. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural</p> <p>15.2. Mellora no mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural</p> <p>15.3. Mellora na prestación de servizos ou creación de novos servizos para a poboación rural, incluíndo a realización de actividades recreativas e culturais.</p> <p>15.4. Mellora na calidade de vida, a integración social e a igualdade na contorna rural</p>
<p>Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)</p>
<p>1. Igualdade de xénero 2. Loita contra a discriminación 3. Promoción do desenvolvemento sustentable</p>

Obxectivo Estratéxico 5. Fortalecer a cooperación interterritorial e transnacional.	
Obxectivo específico 5.2. Potenciar a cooperación interterritorial ou transnacional nos territorios rurais para reforzar o cumprimento dos obxectivos das EDLP.	
Liña de actuación 5.2.1. Cooperación entre GDR na aplicación da Estratexia de desenvolvemento local participativa.	
A transferencia de saberes e boas prácticas entre territorios é unha oportunidade para a aplicación de estratexias de éxito no propio territorio. Ademais, a posta en marcha de experiencias conxuntas, que transcenden os límites de Pontevedra – O Morrazo, aumenta a potencia e o alcance das actuacións a realizar. Existen desafíos comúns arredor do territorio e da produción agrogandeira e forestal que poden ser abordados de maneira conxunta.	
Medidas ou accións a desenvolver	
<ul style="list-style-type: none"> • Actuacións que promovan o desenvolvemento e cohesión social do medio rural a través da cooperación entre diferentes GDR e outros axentes público-privados que apliquen unha EDLP. • Organizar eventos e reunións periódicas onde o GDR poida compartir resultados, leccións aprendidas e boas prácticas. • Establecer convenios de colaboración con institucións de investigación e universidades para impulsar proxectos de investigación e desenvolvemento en áreas prioritarias para o GDR. • Desenvolver programas de formación conxuntos para os equipos técnicos do GDR, co obxectivo de reforzar as competencias e coñecementos en áreas clave • Accións en diferentes temáticas, definidas de acordo cos obxectivos da EDLP e cos interese do territorio, como por exemplo: valorización de servizos ecosistémicos do monte, artesanía alimentaria, enoturismo, dixitalización, etc. • Promoción e apoio a Grupos de traballo (GT) para afondar en temáticas de interese común para os diferentes GDR, como por exemplo: <ul style="list-style-type: none"> ○ Auga e enerxía. Cambio climático e innovación ambiental ○ Recuperación de terras agrarias abandonadas. Ferramentas para a xestión do territorio. ○ Produtos agroalimentarios. Potenciación do sector agropecuario. ○ Turismo en zonas rurais 	
Potenciais beneficiarias	
<ul style="list-style-type: none"> • GDR 	
Investimentos subvencionables prioritarios no apoio aos GDR (Resolución Agader 27/04/23 execución Leader)	
<ul style="list-style-type: none"> • Artigo 22. Disposicións xerais para os proxectos de cooperación Leader para o período 2023-2027 	
Resultados previstos en función dos investimentos subvencionables	
22/23. Aumento da cooperación entre territorios	
Principios horizontais aos que atende (RDC. Regulamento UE 2021/1060)	
1. Igualdade de xénero 2. Loita contra a discriminación 3. Promoción do desenvolvemento sustentable	

4. Plan de animación do GDR

4.1. Obxectivos da animación

As actuacións de animación e difusión territorial do GDR Pontevedra-Morrazo pretenden, con carácter xeral, cumprir unha dobre finalidade:

- En primeiro lugar, pretende reforzar o seu papel no territorio como axente colaborador na xestión do programa LEADER, incrementando o seu empoderamento como entidade que busca mellorar a contorna rural e contribuír ó desenvolvemento endógeno do territorio.
- En segundo lugar, busca poñer en valor e potenciar a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, como mecanismo que enlaza os retos e prioridades da zona rural coa aplicación e posta en marcha do programa de axudas.

Ademais estas actuacións contribúen, de maneira implícita, a posicionar o territorio e reforzar a gobernanza das súas entidades, mellorando o dinamismo económico e calidade de vida das zonas rurais.

4.2. Accións previstas

Dentro deste contexto, as actuacións de animación específicas para realizar polo grupo, son as seguintes:

4.2.1. Plan comunicación 23_27 do GDR Pontevedra Morrazo

Comprende a estratexia de comunicación do GDR para o conxunto do período comprendendo as seguintes accións:

- Actualización da páxina WEB do GDR con deseño e elaboración de contidos web, imaxes, vídeos, banners,... para informar sobre a estratexia, os proxectos en marcha, etc.
- Xestión das redes sociais (Facebook, YouTube e Instagram) incluída a monitorización e seguimento, para difundir información sobre a estratexia.
- Imaxe, deseño e produción de folletos, trípticos, paneis, roll-up, placas, frontais de mesa, vinilos, carteis, etiquetas perdurables,...) conforme a imaxe corporativa do novo período Leader 2023-2027 .
- Deseño e produción de material promocional, do GDR, do territorio, das axudas, etc.
- Difusión en medios online/offline (banner, robapáxinas ou similar para prensa dixital, medios electrónicos, redes sociais .../ Radio, prensa, publicacións, etc.) das convocatorias de axudas, xornadas, eventos etc.

4.2.2. Campaña de comunicación, promoción e dinamización da IXP Ribeiras do Morrazo

Contempla o deseño do plan de comunicación e difusión, contidos multimedia, imaxe e produción de materiais de promoción e merchandising, actualización e xestión da páxina web e redes sociais (Facebook, YouTube e Instagram) incluída a monitorización e seguimento para o mellorar o recoñecemento e prestixio da Indicación Xeográfica Protexida Ribeiras do Morrazo, promover a viticultura e os viños producidos baixo a súa marca, poñendo en valor a calidade e autenticidade dos mesmos.

4.2.3. Desenvolvemento da "Ruta do viños Oceánicos": Enoturismo na IXP Ribeiras do Morrazo

A "Ruta dos Viños Oceánicos" é un itinerario enoturístico e cultural da IXP Ribeiras do Morrazo, que ten como fío condutor a cultura do viño na península do Morrazo e nas marxes atlánticas de Pontevedra, Redondela e Poio. A través deste proxecto preténdese desenvolver e dar a coñecer este itinerario enoturístico, poñendo en valor diferentes aspectos históricos, arqueolóxicos, xeográficos, etnográficos, patrimoniais, culturais, simbólicos, artísticos, científicos, agrarios e turísticos da cultura do viño das terras da IXP Ribeiras do Morrazo

4.2.4. Mesa redonda "Viñedos resilientes: prácticas sustentables na vitivinicultura".

As xornadas pretenden incidir sobre a problemática da sostibilidade na produción e elaboración do viño, abordando asuntos como a redución do uso de pesticidas e insumos externos, o incremento da biodiversidade do solo, a economía circular, a mellora do cultivo, o uso de fertilizantes orgánicos etc. Todo isto contribuirá ao desenvolvemento dunha viticultura máis saudable e respectuosa co medio ambiente.

4.2.5. Xornadas "Recuperando o rural: ferramentas para a mobilización de terras abandonadas".

Trátase de xornadas divulgativas sobre ferramentas de mobilización e recuperación terras agrarias abandonadas facendo fincapé nas fórmulas de iniciativa privada.

O principal obxectivo da xornada é loitar contra o abandono e a infrautilización das terras e facilitar unha base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisan, á vez que procurar anticiparse aos incendios e traballar, en definitiva, pola recuperación demográfica e pola mellora da calidade de vida da poboación no rural.

4.2.6. Xornadas sobre "os mercados do carbono: retos e oportunidades do sector forestal".

Os mercados de carbono representan unha oportunidade para o sector forestal, por iso é importante comprender o seu funcionamento. O obxecto das xornadas será abordar en que consisten estes mercados emerxentes do carbono e cales son as oportunidades que se lles presentan aos titulares forestais, sexan propietarios particulares ou comunidades de montes veciñais en man común.

As Xornadas poderán servir para debater e compartir boas prácticas e coñecementos sobre como as CCMVMC e outros propietarios do territorio poden adaptarse e beneficiarse destes mercados.

4.2.7. Seminario para a elaboración de Plans de RSE/RSC para promotores do GDR.

A iniciativa inclúe a asistencia técnica para facilitar a elaboración e posta en marcha dos Plans de Responsabilidade Social das persoas, empresas ou entidades beneficiarias das axudas leader no territorio. As sesións de traballo permitirán reflexionar sobre os conceptos, principios, normativa e beneficios da RSE ou RSC e coñecer ferramentas para a integración das variables da RSE ou RSC na xestión dos negocios ou entidades

4.2.8. Iniciativas de concienciación e fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Actualización e desenvolvemento da campaña #RACHEMOSCOAINDIFERENZA, que pretende sensibilizar á poboación dos concellos do territorio sobre as distintas problemáticas derivadas das desigualdades de xénero, en especial sobre a violencia de xénero e informar sobre recursos e servizos de apoio.

4.2.9. Proxecto "Memoria sonora" de activación da memoria a través da música de Raíz"

A música ten un impacto positivo na saúde e o benestar das persoas, especialmente naquelas con discapacidade. A estimulación musical pode mellorar a calidade de vida, potenciar a memoria, a atención, a creatividade e promover a interacción social. A música de raíz galega posúe unha riqueza cultural e emocional que conecta coas raíces identitarias da comunidade. O uso de instrumentos elaborados de forma artesanal reforza a conexión coa natureza e o patrimonio cultural, xerando un sentido de pertenza e fortalecendo a autoestima.

Trátase dunha iniciativa de intervención social a través da música de raíz destinada a traballar terapéuticamente con colectivos en situación de discapacidade, como persoas con Alzheimer, deterioración cognitiva, discapacidade intelectual e persoas en situación de vulnerabilidade en colaboración con 5 centros de día do territorio subvencionados polo GDR Pontevedra Morrazo.

A través da intervención musical baseada na música de raíz galega, búscase estimular as funcións cognitivas, funcionais e motrices, promover o benestar emocional e social dos participantes e rescatar e por en valor o patrimonio cultural.

4.2.10. Campaña dixital de Sensibilización ambiental: "Preservar a paisaxe: un compromiso compartido".

Trátase dun proxecto de concienciación ambiental que busca promover un cambio de actitude e fomentar a responsabilidade individual e colectiva cara á conservación da paisaxe, a prevención de incendios e a deseucaliptización dos montes galegos. O proxecto contemplará a creación de contidos multimedia e a comunicación e difusión online dos mesmos, para sensibilizar sobre a importancia de preservar a paisaxe, recuperar zonas degradadas, protexer o medio ambiente, eliminar especies invasoras e promover prácticas sostibles no territorio.

5. Plan de formación

5.1. Xustificación da formación a partir da diagnose da estratexia

O Plan de formación pretende afrontar ás principais necesidades detectadas en relación ás potencialidades que ten o sector primario, como eixe vertebrador da economía local. Considérase que estas actividades poden reforzar o entramado social e económico da zona, contribuíndo de xeito transversal á creación do emprego, á redución da pegada de carbono, á preservación da biodiversidade, e a outros elementos que garanten a sostibilidade do territorio.

Partindo da diagnose do territorio, realizamos unha análise da coherencia do DAFO coa proposta de plan de formación, que máis adiante definimos. Lembramos: Debilidades (D), Ameazas (A), Fortalezas (F) e Oportunidades (O).

Programa formativo 1. Viticultura sustentable

COHERENCIA COA DIAGNOSE (DAFO)

DEBILIDADES

- D1. Desvalorización social do medio rural e das actividades vencelladas ao sector primario.
- D48. Baixo valor engadido da produción primaria e escasa transformación.
- D49. Perda dos coñecementos tradicionais do cultivo da terra.
- D53. O asesoramento en materia de fitosanitarios está nas mans dos comercializadores dos produtos.
- D54. Falta de rigorosidade no emprego de produtos fitosanitarios, pesticidas, etc.
- D55. O impacto da seca no sector agrogandeiro; sendo necesaria unha valoración do impacto que poden xerar determinados cultivos que precisen de moita auga (Ex. Aguacate que está en auxe).
- D56. Importancia de coidar os recursos hídricos. Hai que ter moito coidado coa vexetación nas zonas de humedais e preservar estes recursos para o futuro.

AMEAZAS

- A12. Concentración do tecido empresarial en determinados cultivos (viño) que distorsiona a realidade de mercado dos pequenos produtores.
- A13. Falta de servizos públicos de asesoramento e extensión agraria e forestal eficaces.
- A27. Sector cambiante polo desembarco de grandes multinacionais do viño que exercen unha monopolización do mercado e distorsionan a realidade territorial.
- A28. Lexislación máis restritiva na aplicación dos produtos fitosanitarios que afecta positivamente ao medio ambiente, pero que xera incertidume ante o descoñecemento no sector produtivo.

FORTALEZAS

- F6. Boas condicións climáticas e edafolóxicas.
- F9. Oportunidade para elaborar produtos de calidade diferenciada.
- F12. Información ao sector proporcionada por entidades científicas ou investigadoras. Exemplo: A E.F. Areeiro emite todas as semanas un boletín de avisos fitosanitarios.
- F33. Existen estudos de variedades autóctonas que poden servir de base para dinamizar o seu cultivo.

F34. Existencia de organismos científicos e de investigación de referencia (Misión Biolóxica de Galicia, Estación Fitopatolóxica do Areeiro, Escola Forestal de Lourizán) e profesionais con estudos únicos a nivel europeo (Exemplo: o estudo da armillaria)

F35. Existen variedades autóctonas e tradicionais con moito potencial agronómico, como por exemplo a variedade de uva "ratiño", a variedade do "millo corvo", as variedades de olivas,...

OPORTUNIDADES

O4. Posibilidade de ter referentes a nivel científico ou agronómico para poder asesorar á xente que queira emprender actividades agropecuarias.

O22. Instauración de novos produtos no mercado (viño do ratiño)

Programa formativo 2. Silvicultura sustentable

COHERENCIA COA DIAGNOSE (DAF0)

DEBILIDADES

D19. O modelo de xestión individualizada da superficie forestal agrava as problemáticas do monte e a súa rendibilidade

D20. A identificación da propiedade lastra a promoción de proxectos asociativos centrados na valorización do monte

D21. Falta moita formación en materia forestal.

D22. Existen persoas e colectivos que fan actividades relacionadas coa natureza, pero que non teñen apego polas actividades forestais.

D23. Escasa diversificación na produción forestal á que cómpre darlle unha saída para incrementar a xeración de riqueza na contorna máis próxima.

D24. A ordenación e xestión do monte é deficitaria nalgunhas comunidades de montes veciñais.

D28. A responsabilidade e xestión do monte veciñal recae en persoas de avanzada idade, coas vantaxes e limitacións que supón.

D34. Falta de visibilización da importancia da economía circular no territorio e, en concreto, para o sector agrogandeiro e forestal.

D40. Insuficiente desenvolvemento da protección e xestión integral dos montes.

D41. Desconexión social (falta de apego ou vínculo emocional) cara o monte e os múltiples recursos naturais e paisaxísticos.

D42. O monocultivo ou as especies invasoras son tamén un tipo de contaminación, no que as administracións están empezando a intervir, pero lentamente.

D43. Hai contaminación por verteduras incontroladas e segue habendo residuos no monte, aínda que os concellos teñen sistemas de recollida; falta concienciación.

D57. Dificultades administrativas para a implantación de comunidades enerxéticas.

AMEAZAS

A11. Dificultades no acceso á terra para a súa explotación, con información catastral desactualizada.

A13. Falta de servizos públicos de asesoramento e extensión agraria e forestal eficaces.

A14. Mercantilización das CMVMC fronte ao seu labor como entidades sociocomunitarias.

A22. Ameaza do lume polo abandono do medio rural en xeral e das actividades agrarias en particular.
A23. Débil xestión integrada (económico, social e medio ambiental) dos espazos forestais e nos espazos naturais protexidos.

A29. Monocultivo do eucalipto fronte a outras especies e usos do monte, con importante impacto climático.

FORTALEZAS

F3. Potencialidade das CMVMC como dinamizadoras das comunidades rurais.

F10. Concellos involucrados no ámbito forestal, combinando o bosque sostible, os aproveitamentos forestais e tamén o ocio.

F11. Importancia estratéxica das comunidades de montes; entidades moi activas, non só no ámbito agrogandeiro e forestal.

F15. Aproveitar o potencial da inmigración para atender ás necesidades de man de obra nas actividades agrogandeiras e forestais.

F18. Os montes como potencial para o turismo alternativo cultural e de natureza sostibles.

F24. Economía circular e microeconomía sostible son oportunidades: aproveitamentos diversos dos montes, transferencia de coñecemento entre comunidades.

F26. “Reserva verde”: existencia de importantes masas forestais produtoras de oxíxeno e sumidoiros de CO₂.

F34. Existencia de organismos científicos e de investigación de referencia (Misión Biolóxica de Galicia, Estación Fitopatolóxica do Areiro, Escola Forestal de Lourizán) e profesionais con estudos únicos a nivel europeo (Exemplo: o estudo da armillaria)

F38. Potencialidade de desenvolvemento do sector forestal, como produtor de insumos enerxéticos.

F39. Aposta por proxectos de calefacción baseados na madeira e a biomasa forestal, aproveitando os recursos enerxéticos locais.

F40. O mercado de carbono: compensacións ás empresas por reducir as súas emisións no ámbito local.

OPORTUNIDADES

O5. Utilizar as franxas de 50 metros de protección forestal para cultivo de arbustos (te) ou horta.

O23. Mercado de emisións de CO₂. Melloraría a dependencia enerxética, rendemento económico das comunidades enerxéticas.

O24. Intercambio entre o tecido produtivo local e as comunidades de montes para o mercado de emisións de CO₂.

O25. Apostar polas enerxías renovables.

O26. As comunidades enerxéticas son unha oportunidade de desenvolvemento.

O27. Proxectos de compensación de emisións de CO₂ para empresas.

O Plan de Formación orientado á xestión agroforestal sustentable estrutúrase entorno ao dous programas formativos, que abordan diferentes retos e problemáticas da sostibilidade no sectores vitícola e forestal:

- viticultura sustentable
- silvicultura sustentable

5.2. Programa de formación 1: Viticultura sustentable

5.2.1. Introducción e xustificación

O sector da viticultura é estratéxico para a dinamización de actividades vinculadas ao sector primario. A súa repercusión social é importante nas comarcas de Pontevedra e o Morrazo, e o seu potencial como elemento para a dinamización económica da zona queda de manifesto na recente solicitude de amparo dunha figura como a IXP Ribeiras do Morrazo.

Esta actividade pode contribuír ao desenvolvemento da viticultura no territorio proporcionando coñecementos e habilidades para implantar prácticas sostibles na produción de viño. Isto implica adoptar métodos respectuosos co medio ambiente, garantindo a conservación dos recursos naturais, a redución dos impactos negativos e o fomento da calidade e rendibilidade a longo prazo. Tamén poderá contribuír á xeración de postos de traballo, ao tempo que se axuda a frear o abandono da terra e a mellorar de maneira significativa o entramado paisaxístico e ambiental.

5.2.2. Sector de referencia ao que se dirixe a formación

Prioritariamente sector da viticultura, produtores e adegueiros.

5.2.3. Obxectivos

5.2.3.1. Obxectivo principal

- obxectivo principal é adquirir os coñecementos e habilidades necesarias para implantar prácticas sostibles na viticultura, mellorar a calidade dos viños e contribuír ao desenvolvemento dun sector máis responsable e respectuoso co medio ambiente.

5.2.3.2. Obxectivos específicos:

- Coñecer as técnicas de xestión dos viñedos que contribúen á sustentabilidade
- Coñecer as prácticas agrícolas sostibles no viñado, incluíndo a xestión do solo, a conservación da auga, o control integrado de pragas e enfermidades e a promoción da biodiversidade.
- Adquirir coñecementos sobre a xestión sostible dos recursos hídricos na viticultura
- Comprender a importancia da biodiversidade nos viñedos e coñecer prácticas que favorecen a conservación dos ecosistemas, o desenvolvemento da flora e fauna locais e a mellora da resiliencia dos viñedos.
- Familiarizarse cos principios da viticultura ecolóxica e biodinámica, e comprender como implementar estas prácticas na elaboración de viños sostibles.

5.2.4. Proposta de contidos

Este programa de formación combina aspectos teóricos con exemplos e casos prácticos e actividades interactivas para fomentar a participación.

Estímase unha carga lectiva de 80 horas.

5.2.4.1. Introducción á viticultura sustentable

- Principios da viticultura sostible e a súa importancia no contexto actual

- Retos ambientais, económicos e sociais aos que se enfrenta o sector vitivinícola.

5.2.4.2. Manexo sostible do viñado

- Selección de variedades de uva adecuadas para a sustentabilidade.
- Técnicas de conservación do solo e xestión da auga, incluíndo a rega eficiente, a recollida e reutilización da auga e a prevención da contaminación da auga.
- Uso eficiente de fertilizantes e control de pragas e enfermidades de forma sostible.
- A poda sostible e a protección contra fenómenos meteorolóxicos extremos.
- Momento óptimo de vendima e selección de uvas
- Agricultura ecolóxica e biodinámica na viticultura.
- Prácticas agrícolas rexenerativas.

5.2.5. Persoal formador

Para a impartición deste programa formativo teranse en conta unha serie de requisitos á hora de seleccionar ao persoal formador.

- Os cursos formativos serán estar impartidos por entidades que estean acreditadas ante a Consellería de Medio Rural e posúan unha antigüidade mínima dun ano, segundo o disposto na *Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería de Medio Rural (DOG nº 60 do 27 de marzo de 2009)*.
- O persoal terá que dispor de titulación de grao universitario ou formación profesional e experiencia contrastada, na impartición de accións formativas na área de viticultura.
- O persoal formador terá coñecementos na dinamización de procesos sociais, valorándose a experiencia na posta en marcha de procesos similares. Terá tamén experiencia en planificación estratéxica orientada a procesos de desenvolvemento local e rural, de carácter participativo.
- Contarase con profesionais con solvencia na área de viticultura, con coñecementos na posta en marcha de proxectos similares, ligados a este ámbito.

5.2.6. Alumnado ou colectivos destinatarios

O programa formativo estaría dirixido de maneira central a:

- As persoas viticultoras e adegas dos concellos do GDR que comprenden IXP Ribeira do Morrazo, e outros axentes asociados ás cadeas de valor da produción vitivinícola
- Poboación activa en xeral, interesada na posta en marcha de iniciativas relacionadas coa produción vitícola ou prestación de servizos, e/ou na capacitación e cualificación para a súa empregabilidade.

5.3. Programa de formación 2: Silvicultura sustentable

5.3.1. Introducción e xustificación

Considérase que o aproveitamento económico de actividades ligadas ao sector primario é un nicho de emprego e de dinamismo económico, que debe ser aproveitado para reforzar, sobre todo, a sostibilidade social e ambiental, non só a nivel local. O alto potencial e aptitude das condicións do solo e do clima na zona, fan esta idónea para reforzar iniciativas que aproveiten o campo e o monte. Deste xeito, contribúese, por unha banda, a frear o abandono das terras agrarias, e por outra, a

procurar un sistema de xestión forestal sostible e non limitante, que vai máis aló do simple monocultivo forestal. A repercusión que ten o sector forestal na zona é moi importante, pero convén promover iniciativas que reforcen un aproveitamento multifuncional do monte e exploren novas oportunidades .

Na actualidade estase a demandar pola sociedade unha silvicultura que sexa máis sustentable, respectuosas co medio, que non comprometan os recursos e a calidade de vida das xeracións futuras. Isto implica que temos que avanzar na busca do equilibrio entre a actividade humana e o medio natural. O programa céntrase en reforzar e mellorar as prácticas sostibles dos sectores agroforestal.

Isto implica que estas actividades teñen un gran potencial para xerar emprego, para o cal cómpre reforzar e incrementar a profesionalización e capacitación da poboación activa nos ámbitos referidos, contribuíndo deste xeito a mellorar as prácticas de traballo e impulsar os aproveitamentos sostibles. Ademais, contribuirá a unha maior concienciación da potencialidade destas actividades para o emprendemento de iniciativas empresariais.

5.3.2. Sector de referencia ao que se dirixe a formación

Diríxese principalmente ao tecido de entidades forestais, tanto comunitarias como a propietarios individuais.

5.3.3. Obxectivos

Implementaríase unha metodoloxía de traballo definida como: “formación-acción”, co obxectivo de reforzar a vinculación entre a propia a actividade formativa para favorecer a conexión coa xeración de emprego.

5.3.3.1. Obxectivo principal

- Proporcionar coñecementos e habilidades ás comunidades de montes e propietarios forestais para implantar prácticas forestais sostibles, centrándose en cultivos alternativos á madeira e aproveitando as oportunidades dos mercados de carbono.

5.3.3.2. Obxectivos específicos

- Comprender os principios e conceptos fundamentais da explotación forestal sustentable e da xestión forestal.
- Explorar a diversificación da produción forestal, identificando outras opcións alternativas e complementarias ao cultivo da madeira.
- Analizar os problemas dos mercados de carbono e comprender a súa relación cos bosques.
- Identificar oportunidades para os propietarios forestais nos mercados de carbono e adquirir os coñecementos necesarios para participar en proxectos de carbono forestal.
- Avaliar a viabilidade e o impacto económico, social e ambiental das prácticas forestais sostibles e das producións alternativas nos bosques.

5.3.4. Proposta de contidos

Estímase unha carga lectiva de 60 horas.

5.3.4.1. Introducción á silvicultura e á xestión forestal sostible

- Conceptos, principios e marco legal relacionados coa xestión forestal e as prácticas sostibles.

5.3.4.2. Producións alternativas e diversificación

- Identificación de producións alternativas viables e sostibles no monte, como o cultivo de castiñeiros, oliveiras, cogomelos etc.
- Requirimentos específicos das producións alternativas, clima, solo, xestión e técnicas de cultivo.
- Beneficios da diversificación e multifuncionalidade para a sustentabilidade e a economía local.

5.3.4.3. Mercados de carbono e oportunidades para propietarios forestais

- Cambio climático e papel dos montes na mitigación dos gases de efecto invernadoiro.
- Problemática dos mercados de carbono e a súa relación co monte.
- Mecanismos de compensación e proxectos de carbono forestal.
- Oportunidades para os propietarios forestais nos mercados de carbono.
- Criterios e requisitos para participar en proxectos de carbono forestal.

5.3.5. Persoal formador

Para a impartición deste programa formativo teranse en conta unha serie de requisitos á hora de seleccionar ao persoal formador.

- Os cursos formativos serán estar impartidos por entidades que estean acreditadas ante a Consellería de Medio Rural e posúan unha antigüidade mínima dun ano, segundo o disposto na *Orde do 17 de marzo de 2009 pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería de Medio Rural (DOG nº 60 do 27 de marzo de 2009)*.
- O persoal terá que dispor de titulación de grao universitario ou formación profesional e experiencia contrastada, na impartición de accións formativas.
- Contarase con profesionais con solvencia nas áreas agroforestal, con coñecementos na posta en marcha de proxectos ligados a estes ámbitos.

5.3.6. Alumnado ou colectivos destinatarios

O programa formativo estaría dirixido de maneira central a:

- Potenciais emprendedores en actividades e/ou prestación de servizos relacionados cos ámbitos agroforestais.
- Titulares de explotacións agrarias, comunidades de montes, agrupacións e propietarios forestais.
- Poboación activa en xeral, interesada na capacitación e cualificación específica para mellorar a súa empregabilidade.

6. Plan de cooperación

6.1. Obxectivos da cooperación

Os obxectivos a conseguir co Plan de cooperación complementan aos recollidos no conxunto da estratexia, levando a cabo unha colaboración con outros Grupos de Desenvolvemento Rural doutros territorios, ou cos Grupos de traballo (GT), constituídos no marco do proceso de elaboración da EDLP dos GDR de Galicia.

Os obxectivos concretos son os seguintes:

- Realizar unha aposta pola produción agrogandeira de carácter artesanal e de calidade diferenciada, aproveitando os selos existentes a tal efecto, e potenciando a colaboración entre diferentes sectores e territorios.
- Valorizar dunha maneira cooperativa os servizos ecosistémicos que prestan as comunidades de montes, apostando por un modelo de xestión forestal sostible e circular.
- Apostar polo desenvolvemento do enoturismo ligado ás IXP vitícolas de Galicia, para promocionar os viños das IXP, ao tempo que se xera maior valor engadido para as explotacións e se contribúe a dinamizar a economía local, poñendo tamén en valor os recursos e o patrimonio local.
- Apostar pola dixitalización do tecido económico local, promovendo un maior acceso á dixitalización e novas tecnoloxías por parte de pequenas empresas, co obxectivo de gañar maior competitividade no acceso aos mercados.

O traballo en Rede e de cooperación con outros territorios vai permitir ao Grupo:

- Transferir e intercambiar coñecementos, experiencias e boas prácticas en torno aos sectores ou ámbitos de actuación considerados clave ou estratéxicos do territorio.
- Compartir recursos e/ou servizos cara unha mellor eficiencia e eficacia na utilización e prestación dos mesmos.
- Acadar unha maior dimensión territorial, sectorial, etc., naquelas estratexias ou actuacións que se vexan favorecidas por economías de escala.
- Impulsar e promover a cultura da cooperación.

6.2. Potenciais proxectos a desenvolver

Os proxectos concretos que se van a desenvolver para acadar estes obxectivos son os seguintes:

1. Proxecto 1. Fomento da artesanía alimentaria e das producións de calidade diferenciada
2. Proxecto 2. Cooperación para a valorización dos servizos ecosistémicos do monte
3. Proxecto 3. Enoturismo nas IXP de viños de Galicia
4. Proxecto 4. Mentorización en dixitalización e comercio electrónico para empresas rurais

6.2.1. Proxecto 1. Fomento da artesanía alimentaria e das producións de calidade diferenciada

FICHA RESUMO	
Descrición-xustificación	<p>O proxecto ten como obxectivo promover o desenvolvemento e consolidación de proxectos de pequenos produtores artesáns de produtos agroalimentarios de calidade diferenciada en distintos territorios rurais. A iniciativa baséase en promover espazos de coworking en cada territorio, onde os produtores poidan traballar de forma colaborativa, intercambiar coñecementos e acceder a recursos compartidos. Isto permitirá acelerar e promover a innovación, a produción sostible e a comercialización de produtos artesanais, producindo un impacto positivo no sector agroalimentario e no desenvolvemento económico local.</p>
Obxectivos	<p>Obxectivo principal:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Impulsar a creación e desenvolvemento de proxectos de pequenos produtores artesáns de produtos agroalimentarios de calidade diferenciada nos territorios rurais, mediante a creación de espazos de coworking e o fomento da colaboración entre emprendedores. <p>Obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fomentar a colaboración, o intercambio de coñecemento e as sinerxías entre produtores para impulsar a colaboración, a innovación e a mellora continua. • Establecer alianzas estratéxicas con axentes clave, como institucións financeiras, centros de investigación, concellos, deputacións, etc., para apoiar o desenvolvemento de proxectos. • Facilitar o acceso a espazos de coworking dotados das ferramentas e recursos necesarios para a elaboración e comercialización de produtos agroalimentarios artesáns e/ou de calidade diferenciada • Proporcionar programas especializados de formación e orientación para fortalecer as habilidades comerciais e técnicas dos produtores artesáns. • Sensibilizar sobre a importancia dos produtos agroalimentarios de calidade diferenciada e o seu valor para o desenvolvemento sostible dos territorios rurais.
Entidades cooperantes	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinador: GDR 15 Pontevedra Morrazo • GDR grupo de traballo GT 3. Produtos agroalimentarios
Persoas ou entidades colaboradoras beneficiarias	<ul style="list-style-type: none"> • Pequenos produtores artesáns de produtos agroalimentarios de calidade diferenciada en territorios rurais. • Emprendedores e novos actores interesados en entrar no sector agroalimentario artesanal. • Consumidores conscientes e comprometidos coa adquisición de produtos locais e de calidade. • Todos eles pertencentes aos territorios dos GDR participantes
Accións a desenvolver	<ul style="list-style-type: none"> • Creación e dinamización dunha rede de produtores, artesáns etc. de produtos agroalimentarios artesáns e/ou calidade diferenciada interesados na fórmula do coworking para fomentar a colaboración, o intercambio de coñecemento e sinerxías entre eles. • Propiciar alianzas estratéxicas con axentes clave en cada territorio, como institucións financeiras, centros de investigación, concellos, deputacións etc. para apoiar e/ou facilitar o desenvolvemento dos proxectos. • Realización dun estudo de viabilidade técnica, económica e financeira en cada territorio onde se analicen as orientacións produtivas, posibles localizacións, necesidades, etc., que permita a identificación e cuantificación dos investimentos necesarios para o acondicionamento dos espazos físicos para establecer o coworking en cada territorio rural, incluída a adquisición do equipamento necesario.

Resultados esperados	<ul style="list-style-type: none"> • Deseño e execución de programas de formación e formación adaptados ás necesidades dos produtores, abordando temas como a produción sostible, a xestión empresarial, a comercialización e a marca. • Creación dunha rede de mentores especializados que presten asesoramento e apoio técnico aos emprendedores. • Elaboración de campañas de comunicación e sensibilización para promover o proxecto e a importancia dos produtos artesanais e o seu impacto no desenvolvemento local sostible.
	<ul style="list-style-type: none"> • Consolidación e crecemento de proxectos de produtores artesáns, aumentando a súa rendibilidade e sustentabilidade. • Xeración de emprego e desenvolvemento económico nos territorios rurais. • Mellora da calidade e diversidade dos produtos agroalimentarios artesáns. • Aumento da visibilidade e recoñecemento dos produtos e produtores. • Fortalecemento da identidade territorial e da imaxe dos territorios rurais como destinos de turismo gastronómico e cultural.

6.2.2. Proxecto 2. Cooperación para a valorización dos servizos ecosistémicos do monte

FICHA RESUMO	
Descrición-xustificación	<p>O proxecto xorde como resposta á necesidade de promover a xestión forestal sostible e poñer en valor os múltiples servizos ecosistémicos que prestan as comunidades de montes. Estas comunidades xogan un papel fundamental na conservación da biodiversidade, na protección da auga, na mitigación do cambio climático e na xeración de emprego local, entre outros servizos. Non obstante, adoitan enfrontarse a obstáculos para acceder ás oportunidades de mercado e obter beneficios económicos xustos polo seu traballo. Este proxecto busca reforzar a súa capacidade para participar activamente na valoración dos servizos dos ecosistemas, incluídos os dereitos de carbono.</p>
Obxectivos	<p>Obxectivo principal:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Impulsar a xestión sostible dos montes e a valoración integral dos servizos ecosistémicos, incluídos os dereitos de carbono, nas comunidades de montes dos distintos territorios de Galicia. <p>Obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificar, valorar e cuantificar os servizos ecosistémicos proporcionados polas comunidades de montes, incluíndo a captura e almacenamento de carbono, a conservación da biodiversidade e a protección da auga. • Reforzar a capacidade técnica e organizativa das comunidades de montes para participar na valoración dos servizos dos ecosistemas e acceder a mercados xustos e equitativos. • Desenvolver estratexias e mecanismos de comercialización dos servizos dos ecosistemas, incluída a venda de créditos de carbono xerados, en coordinación cos interesados relevantes do sector. • Implantar accións de xestión forestal sostible que promovan a prestación continua e mellorada de servizos ecosistémicos e contribúan á mitigación do cambio climático. • Promover a participación activa das comunidades de montes na gobernanza dos recursos naturais e na toma de decisións relacionadas coa xestión dos servizos dos ecosistemas.
Entidades cooperantes	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinador: GDR 15 Pontevedra Morrazo • GDR do Grupo de traballo GT 1. Auga e enerxía. Cambio climático e innovación ambiental
Persoas ou entidades colaboradoras beneficiarias	<ul style="list-style-type: none"> • As comunidades de montes veciñais de man común (CCMVMC) dos territorios dos GDR participantes
Accións a desenvolver	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar unha diagnose das comunidades de montes participantes, da súa estrutura organizativa, dos recursos dispoñibles e dos coñecementos técnicos existentes, identificando as necesidades, retos e oportunidades para a valoración dos servizos ecosistémicos en cada comunidade de montes. • Realización de inventarios forestais e avaliacións dos servizos ecosistémicos que prestan as comunidades de montes, utilizando metodoloxías recoñecidas e contrastadas. • Formación e asistencia técnica ás comunidades de montes na xestión sostible dos montes, a identificación de oportunidades para poñer en valor os servizos dos ecosistemas e a certificación de créditos de carbono. • Análise de mercados e desenvolvemento de estratexias de comercialización que promovan a participación directa das comunidades de montes nos mercados de servizos ecosistémicos, utilicen alianzas con compradores e fomenten a equidade na distribución dos beneficios.

<p>Resultados esperados</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Implantación de prácticas de xestión forestal sostible, como o fomento da rexeneración natural, o control de especies invasoras e a restauración de ecosistemas degradados. • Creación de espazos de encontro e fomento da participación das comunidades de montes na toma de decisións. • Realización de campañas de sensibilización e difusión para concienciar a cidadanía sobre a importancia dos servizos dos ecosistemas, a xestión forestal sostible e a contribución das comunidades de montes á mitigación do cambio climático.
	<ul style="list-style-type: none"> • As comunidades forestais beneficiaranse dunha maior formación técnica, acceso aos mercados de servizos ecosistémicos, xeración de ingresos adicionais e fortalecemento do seu papel como actores clave na xestión sostible dos bosques. • Establecemento dunha rede de cooperación e colaboración entre comunidades de montes. • Impulsarase o desenvolvemento económico sostible no sector forestal, diversificando as fontes de ingresos e promovendo a integración dos servizos ecosistémicos nos modelos de negocio. • Espérase unha mellora na conservación da biodiversidade, na calidade da auga e na mitigación do cambio climático, contribuíndo así á sustentabilidade ambiental e ao benestar das comunidades locais. • Xerarase conciencia e concienciación sobre a importancia dos servizos ecosistémicos e da xestión sostible dos bosques, promovendo unha maior participación e compromiso da cidadanía na conservación dos recursos naturais.

6.2.3. Proxecto 3. Enoturismo nas IXP de viños de Galicia

FICHA RESUMO	
Descrición-xustificación	<p>Os territorios das IXP vitícolas de Galicia teñen moito potencial para o desenvolvemento de iniciativas turísticas de crecente demanda, vinculadas ao viño e a súa cultura.</p> <p>O enoturismo configúrase polo tanto, como un mercado de grande interese que ofrece unha oferta turística diferenciada, sostible e de calidade, adaptada ás demandas dos visitantes que buscan experiencias auténticas, culturais e gastronómicas</p> <p>Para afrontar o difícil reto de desenvolver o enoturismo nas IXP de viño de Galicia será necesario buscar sinerxías a través dun proxecto de cooperación que permita promocionar o patrimonio vitivinícola de cada zona , promover o turismo sostible, dinamizar a economía local, poñer en valor a tradición e cultura do viño, e crear experiencias turísticas únicas.</p>
Obxectivos	<p>Obxectivo xeral</p> <ul style="list-style-type: none"> Fomento do enoturismo nas IXP vitícolas de Galicia e dar a coñecer os seus viños. <p>Obxectivos específicos</p> <ul style="list-style-type: none"> Promover e consolidar os Itinerarios enoturísticos das IXP de Viños de Galicia. Impulsar a formación e colaboración entre os axentes do sector vitivinícola das IXP. Posicionamento e promoción dos viños e adegas das 5 IXP de Galicia. Contribuír á sustentabilidade económica das IXP vitícolas galegas. Mellora da visibilidade e recoñecemento das IXP de Viño de Galicia. Contribuír a un turismo sostible e dinamizar a economía local
Entidades cooperantes	<p>Coordinador:</p> <ul style="list-style-type: none"> GDR 15 Pontevedra Morrazo <p>Participantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> GDR-03 Montes e Vales Orientais GDR-11 Comarca de Ourense GDR-17 Salnés, Ulla Umia GDR-18 Deloa GDR-23 Mariñas-Betanzos
Persoas ou entidades colaboradoras beneficiarias	<p>16 adegas das 5 IXP de viños de Galicia</p> <p>Serían os axentes do sector vitivinícola e turístico das IXP, así como os negocios e comunidades locais das zonas IXP vitivinícolas.</p>
Accións a desenvolver	<p>As IXP vitivinícolas galegas representan un valioso patrimonio enolóxico e cultural. Para dar a coñecer e consolidar os itinerarios destas IXP, as adegas e os seus viños, propóñense as seguintes accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> Plan comunicación orientado a mellorar o posicionamento enoturístico das IXP de viños de Galicia e os seus viños. <ul style="list-style-type: none"> Consolidación do relato enoturístico. Avanzar na construción dunha imaxe e narrativa propia para cada IXP. Contidos multimedia, como vídeos de presentación de adegas, entrevistas a persoas viticultoras, titorías de cata, etc. para descubrir de forma interactiva a diversidade das IXP e os seus viños. Crear una guía en liña con recomendacións sobre que facer, ver, comer etc. en cada unha das IXP vitivinícolas de Galicia. Sinalización intelixente para facilitar as visitas e posicionar estas rutas entre os potenciais enoturistas e favorecer a promoción destes destinos.

	<ul style="list-style-type: none"> – Xestión da Web e redes sociais (Facebook, YouTube e Instagram) e monitorización e seguimento durante o proxecto. • Creación dunha Rede de colaboradores das Rutas dos viños de cada unha das IXP de viños de Galicia combinando as potencialidades da industria do viño e do turismo e promovendo a participación de múltiples actores públicos e privados • Formación e colaboración entre os axentes do sector vitivinícola da IXP. Impulsar a asociación de adegas das IXP de viños de Galicia incluíndo formación enoturística e apoio a adegas e entidades colaboradoras para mellorar habilidades e coñecementos • Visitas guiadas e catas comentadas polos itinerarios e as adegas e/ou entidades colaboradoras en cada unha das IXP de viños de Galicia para dinamizar os itinerarios enoturísticos. • Xornadas enogastronómicas de divulgación e promoción dos viños, da gastronomía local e dos itinerarios das IXP de viños de Galicia. • Difusión e promoción <ul style="list-style-type: none"> – Campaña publicitaria en medios dixitais para dar a coñecer os viños e Adegas das 5 IXP de Galicia. – Crear folletos e mapas detallados dos itinerarios enoturísticos e distribuílos en puntos clave como oficinas de turismo, hoteis e adegas. – Organizar concursos e sorteos para incentivar as visitas aos territorios, adegas, viñedos etc. – Crear un pasaporte da Ruta dos viños das IXP de Galicia – Merchandising e outros elementos de promoción dos itinerarios.
<p>Resultados esperados</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Consolidar os itinerarios enoturísticos dos viños das IXP de Galicia. • Fomento do enoturismo nas IXP de viños de Galicia. • Aumento da visibilidade e recoñecemento dos viños e dos territorios das IXP vitícolas de Galicia. • A contribución á sustentabilidade económica das zonas vitivinícolas das IXP galegas. • Promover o turismo sostible e dinamizar a economía local.

6.2.4. Proxecto 4. Mentorización en dixitalización e comercio electrónico para empresas rurais

FICHA RESUMO	
Descrición-xustificación	A dixitalización e o comercio electrónico ofrecen grandes oportunidades para as empresas rurais, permitíndolles acceder a novos mercados, diversificar as súas canles de venda e reforzar a súa competitividade. Non obstante, moitas empresas rurais atopan moitas dificultades para adaptarse a estes novos modelos de negocio. A mentorización en dixitalización e comercio electrónico preséntase como unha solución eficaz para brindar apoio e orientación a estas empresas, axudándoas a superar barreiras e aproveitar ao máximo as oportunidades dixitais.
Obxectivos	<p>Obxectivo principal:</p> <ul style="list-style-type: none"> Facilitar a dixitalización e o desenvolvemento do comercio electrónico nas empresas rurais mediante a titoría especializada e colaborativa. <p>Obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> Identificar as necesidades e retos específicos das empresas rurais no seu proceso de dixitalización e adopción do comercio electrónico. Proporcionar orientación personalizada e orientación práctica para o desenvolvemento de estratexias eficaces de comercio electrónico. Facilitar a conexión entre expertos en comercio electrónico e empresas rurais, fomentando a colaboración e o intercambio de coñecemento. Mellorar a capacidade das empresas rurais para utilizar ferramentas dixitais, tecnoloxías e canles de venda en liña. Impulsar a creación de redes e alianzas entre empresas rurais, reforzando a cooperación e visibilidade no mercado dixital.
Entidades cooperantes	<ul style="list-style-type: none"> Coordinador: GDR 15 Pontevedra Morrazo GDR do Grupo de traballo GT 4. Innovación e dixitalización
Persoas ou entidades colaboradoras beneficiarias	<ul style="list-style-type: none"> Mellora da capacidade das empresas rurais para adaptarse á dixitalización e utilizar ferramentas tecnolóxicas nos seus procesos empresariais. Incremento da presenza e vendas das empresas rurais no ámbito dixital. Fortalecemento da competitividade das empresas rurais mediante a diversificación das canles de venda e a ampliación do seu mercado. Creación dunha rede de colaboración e apoio entre as empresas rurais participantes. Promover o desenvolvemento económico e sostible das zonas rurais, promovendo a creación de emprego e a posta en valor dos recursos locais.
Accións a desenvolver	<ul style="list-style-type: none"> Diagnóstico e análise das necesidades dixitais e puntos de valor das empresas rurais participantes de cada territorio. Selección e asignación de mentores especializados en comercio electrónico e dixitalización. Desenvolvemento de titorías personalizadas e seguimento da marcha de cada empresa. (6-8 mentorías por proxecto) Organización de obradoiros ou seminarios para compartir coñecementos e boas prácticas. Creación de espazos de traballo en rede e colaboración entre as empresas rurais participantes.

Resultados esperados

- Mellora da capacidade das empresas rurais para adaptarse á dixitalización e utilizar ferramentas tecnolóxicas nos seus procesos empresariais.
- Incremento da presenza e vendas das empresas rurais no ámbito dixital.
- Fortalecemento da competitividade das empresas rurais mediante a diversificación das canles de venda e a ampliación do seu mercado.
- Creación dunha rede de colaboración e apoio entre as empresas rurais participantes.
- Promover o desenvolvemento económico e sostible das zonas rurais, promovendo a creación de emprego e a posta en valor dos recursos locais.

7. Planificación temporal

7.1. Planificación temporal

7.1.1. Planificación de accións de animación

Accións de animación	Período de programación semestral													
	2023		2024		2025		2026		2027		2028		2029	
	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II
Plan comunicación 23_27 do GDR Pontevedra Morrazo	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
Campaña de comunicación, promoción e dinamización da IXP Ribeiras do Morrazo	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
Desenvolvemento da "Ruta do viños Oceánicos": Enoturismo na IXP Ribeiras do Morrazo			■		■		■		■		■		■	
Mesa redonda "Viñedos resilientes: prácticas sustentables na vitivinicultura".					■				■					
Xornadas "Recuperando o rural: ferramentas para a mobilización de terras abandonadas".						■				■				
Xornadas sobre "os mercados do carbono: retos e oportunidades do sector forestal".				■				■						
Seminario para a elaboración de Plans de RSE/RSC para promotores do GDR.			■		■		■		■		■		■	
Iniciativas de concienciación e fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.						■				■				■
Proxecto "Memoria sonora" de activación da memoria a través da música de Raíz"				■				■				■		
Campaña dixital de Sensibilización ambiental: "Preservar a paisaxe: un compromiso compartido".								■				■		

7.1.2. Planificación de programas de formación

Programas de formación	Período de programación semestral													
	2023		2024		2025		2026		2027		2028		2029	
	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II
Programa de formación 1: Viticultura sustentable					■		■		■		■			
Programa de formación 2: Silvicultura sustentable					■		■		■		■			

7.1.3. Planificación de proxectos de cooperación

Proxectos de cooperación	Período de programación semestral													
	2023		2024		2025		2026		2027		2028		2029	
	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II	I	II
Proxecto 1. Fomento da artesanía alimentaria e das producións de calidade diferenciada											■	■	■	
Proxecto 2. Cooperación para a valorización dos servizos ecosistémicos do monte								■	■	■				
Proxecto 3. Enoturismo nas IXP de viños de Galicia				■	■	■								
Proxecto 4. Mentorización en dixitalización e comercio electrónico para empresas rurais						■	■	■						

8. Indicadores

8.1. Cadros de indicadores de seguimento da estratexia

Na seguinte táboa recóllense os indicadores que se van a empregar para facer o seguimento da estratexia e orientar a mesma cara o cumprimento das metas do período.

Táboa 1. Indicadores da estratexia: seguimento na aplicación do programa de axudas

Cadro de indicadores	
Indicadores do plan de acción	Referencia
IP1. Gasto público total en proxectos	1.800.000 €
IP2. Investimento total en proxectos	3.600.000 €
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total)	20
IP3.1 Número de empregos creados nos proxectos financiados (Mulleres)	15
IP3.2 Número de empregos creados nos proxectos financiados (Homes)	10
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total)	60
IP5. Número de empresas creadas	10
IP6. Número de empresas consolidadas (Modernización/ampliación)	18
IP7.1 Número global de operacións financiadas	60
IP7.2 Número de operacións financiadas de carácter produtivo	40
IP7.2.1 Número de proxectos no sector de produción agraria primaria	2
IP7.2.2 Nº de proxectos en transformación e comercialización agraria	2
IP7.2.3 Nº proxectos subvencionados en creación, mellora ou ampliación de empresas	28
IP7.2.4 Número de bonos activa rural concedidos	8
IP7.3 Número de operacións financiadas de carácter non produtivo	20
IP8. Número de actividades/operacións relacionadas coa transformación dixital	10
IP9. Número de actividades/operacións relacionadas coa transformación ecolóxica	10
IP10. Número total de proxectos impulsados por mulleres	5
IP11. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas	4
IP12. Número total de proxectos impulsados por entidades de inclusión social	2
IP13. Nº de proxectos financiados en instrumentos da lei de recuperación de terra agraria	2
IP14. Número de persoas/entidades asesoradas para a aplicación do programa	260

Táboa 2. Indicadores da estratexia. Xestión: funcionamento e Plan de animación

Cadro de indicadores	
Indicadores de xestión: funcionamento e o plan de animación	Referencia
IX1. Número total de actividades de animación	10
IX2. Número de actividades/operacións de difusión do programa de axudas	4
IX3. Importe do gasto de animación do programa	110.000€
IX4. Importe do gasto de funcionamento do programa	440.000€

Táboa 3. Indicadores da estratexia. Plan de formación

Cadro de indicadores	
Indicadores do plan de formación	Referencia
IF1. Número total de actividades/operacións de formación realizadas	2
IF2. Importe do gasto de formación	25.000€
IF3. Número de persoas beneficiarias da formación	30

Táboa 4. Indicadores da estratexia. Plan de cooperación

Cadro de indicadores	
Indicadores do plan de cooperación	Referencia
IC1. Nº total de actividades/operacións de cooperación territorial e intraterritorial	4
IC2. Importe do gasto de cooperación	125.000€

9. Anexo.

9.1. Plan de mantemento, restauración e mellora do patrimonio natural e cultural

Neste apartado identifícanse unha serie de recursos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural das poboacións, das paisaxes rurais e de zonas de alto valor natural, co obxecto de precisar as intervencións que se consideran prioritarias no territorio de Pontevedra O Morrazo.

Esta lista non pretende limitar as intervencións, que se realizarán no marco do plan de acción da estratexia, senón que pretende servir de orientación para priorizar as operacións financiadas. Facemos unha distribución a nivel municipal.

Anexo 1. Plan de mantemento, restauración, mellora ou posta en valor do patrimonio natural ou cultural.

Concello	Parroquia/núcleo
Barro	<ul style="list-style-type: none"> Parque da Natureza de Barosa, Lugar de A Maqueira Parque do Monte da Chan. Parroquia de Agudelo
Bueu	<ul style="list-style-type: none"> Rehabilitación e recuperación do patrimonio etnográfico. Ermelo, Bueu; Trasouto, Bueu. Miradoiro e área recreativa de Chans. Lugar Chans, parroquia Cela.
Campo Lameiro	<ul style="list-style-type: none"> Ruta de Sendeirismo Área Recreativa de Lodeiro-Mirón-Gargallóns
Cangas	<ul style="list-style-type: none"> Senda Circular Camiño de Daravelo, Rúa das Campuxas e Rúa do Casal. Darbo Senda do Rio Presas e Bouzos. Coiro Senda Costeira Cangas – Donón. Donón Senda Socotelo- Fondelo. Aldán
Cerdedo-Cotobade	<ul style="list-style-type: none"> Praia fluvial de Cerdedo: creación dunha nova zona de ocio e espaxamento e mellora dos servizos públicos Rutas <ul style="list-style-type: none"> Ruta Cabenca-Cavadosa e creación dun centro de interpretación. Cerdedo Ruta Frei Martín Sarmiento. Cerdedo Ruta Pontes do Lérez. Cerdedo Piscinas Fluviais <ul style="list-style-type: none"> Fluvial da Xesteira. Almofrei. Fluvial da Chan. Carballedo. Fluvial de Cabanelas. Viascón Fluvial de Calvelo. Tenorio. Fluvial de Pozo Negro. Rebordelo. Areas Recreativas <ul style="list-style-type: none"> R. de Calvelo. Tenorio. R. da Soldada. Vilanova. Tenorio. R. de A Xesteira. Almofrei. Carballeira de Famelga. Aguasantas. Carballeira do San S. Xurxo Baños de San S. Xurxo. Area de recreo Pozo Rebordelo. Área de recreo da Carballedo. Área de recreo de M^a de Sacos. Carballeira da Viascón.

Concello	Parroquia/núcleo
	<ul style="list-style-type: none"> • Área de recreo de Cabanelas. Viascón. • Carballeira de • Carballeira de Don Carballedo. • Carballeira de Cuspedriños. Xurxo. • Quireza. • Cerdedo • Folgoso • Pedre. • Tomonde • Castro • Figueroa • Parada • Conxunto etnográfico <ul style="list-style-type: none"> • Pendellos de Cuspedriños, Xurxo. Cotobade • Eirado de Pedre. Cerdedo • Eirado de Cerdedo. Cerdedo • Eirado de Filgueira. Cerdedo • Porta Alén. Cerdedo • Castros <ul style="list-style-type: none"> • O Castro da San Xurxo. • O Coto do Castro. Aguasantas. • Cruz do Carballedo. • Pontes <ul style="list-style-type: none"> • Ponte medieval de O Ponte Nova de San Xurxo • Ponte Colgante de Calvelo (Tenorio) • Ponte de Pedre. Cerdedo • Ponte de Parada. Cerdedo • Ponte de San Antón en Cerdedo e conxunto • Miradoiros <ul style="list-style-type: none"> • Miradoiro da Soldada. Vilanova. Tenorio. • Miradoiro do Monte Corredoira. • Miradoiro do Monte Castelo. Cuspedriños. • Miradoiro do Monte do Viascón. • Miradoiro do Cádavo. Sta M° de • Miradoiro de Vila de Sta M° de Sacos.
A Lama	<ul style="list-style-type: none"> • Ruta de Sendeirismo tralos pasos do Rio Xesta, Xesta - A Lama • Ruta de Sendeirismo tralos pasos do Lobo, Xesta - A Lama • Ruta de Sendeirismo tralos pasos do Rio BARBEIRA, Escuadra - A Lama • Ruta de Sendeirismo tralos pasos do Camiño Real, Antas e Covelo - A Lama • Ruta de Sendeirismo Roteiro da Escuadra, Escuadra - A Lama • Ruta de Sendeirismo Roteiro da Verducido, Verducido - A Lama • Ruta de Sendeirismo Xende e Liñares, Xende e Liñares - A Lama • Ruta de Sendeirismo Toxal - Serra do Cando, Toxal - A Lama • Ruta de Sendeirismo A Firveda - Serra do Cando, Firveda - A Lama • Praia Fluvial do Verdugo, Lg. O Verdugo - Escuadra
Marín	<ul style="list-style-type: none"> • Lago de Castiñeiras • Petroglifos De Mogor - Vial de Praias • Castro da Subidá - Cidrás, San Xulián • Menhir de Currás - Currás, Sta. Maria do Campo • Mámoas de Marín - Pereiro, Sto. Tomé de Piñeiro

Concello	Parroquia/núcleo
	<ul style="list-style-type: none"> • Ecoparque Multiaventura de Cadro – Sto. Tomé de Piñeiro • Parque da Brea - Seixo
Moaña	<ul style="list-style-type: none"> • Castro de Monte Alegre - Corredor do Morrazo • A Torre de Meira - Lugar Couso, 83 • O Monte do Con • Rutas Fluviais: Río do Gres, Rialdarca, O Inferno, A Fraga, O Barranco do Faro, A Miñouva, O Freixa
Poio	<ul style="list-style-type: none"> • Illa de Tambo: Recuperación do Peirao, Duna e Sinalización Turística; Recuperación Capela San Miguel; Acondicionamento Polvorín para Centro de Interpretación Ambiental; Instalación Caseta Vixilancia e Aseos na Illa
Ponte Caldelas	<ul style="list-style-type: none"> • Área arqueolóxica de Tourón. Parroquia de Tourón • Praia Fluvial de A Calzada. Parroquia de Ponte Caldelas • Sendeiro azul. Ponte Caldelas • Rutas de sendeirismo
Pontevedra	<ul style="list-style-type: none"> • Castro das Croas • Plan de posta en valor dos cruceiros no Concello de Pontevedra • Plan de posta en valor das pontes e pontellas, pasos do río Almofrei (Salgueiral)
Soutomaior	<ul style="list-style-type: none"> • Cruceiro do Calvario: Rúa do Calvario-Arcade • Lavadoiro Oliveira, Oliveira- Arcade • Ponte Romana, rúa Roxelio Landeiro- Arcade • Fonte Lavadoiro dos Pereiros, Arcade de Riba, Arcade. • Lavadoiro Baión, Barrio Devesa- Arcade • Fonte da Devesa- Devesa- Arcade • Fonte lavadoiro da Xesteira, Xesteira- Arcade • Fonte da Lavandeira- rúa Lavandeira- Arcade • Lavadoiro- Rúa do Chouso, Alxán – Soutomaior • Fonte do Regueiro- Camiño das Rozas- Alxán- Soutomaior • Lavadoiro- Aranza- Soutomaior • Lavadoiro- Camiño do Rial-Aranza- Soutomaior • Ponte de Comboa-Comboa-Soutomaior • Lavadoiro de Cortellas, Camiño de Cortellas-Soutomaior • Fonte Lavadoiro-Camiño das Fragas-Cortellas-Soutomaior • Lavadoiro de Viñó-Lourido-Soutomaior • Fonte Lavadoiro de Lourido-Lourido-Soutomaior • Lavadoiro Montesiña, Rúa do Regueiro- Montesiña-Soutomaior • fonte-Lavadoiro- Camiño da Fonte- A Pedreira-Soutoamior • Lavadoiro da Pedreira- Pedreira- Soutomaior • Fonte Lavadoiro ,Camiño Regueiro a Moreiras – Moreira-Soutomaior • Fonte lavadoiro, Camiño do Souto-Moreira-Soutomaior • Fonte da Igrexa- Rial-Soutomaior • Lavadoiro da Carrola- Rúa do Piñeiro- Romariz- Soutomaior • Fonte de San Bieito- rúa do Piñeiro-Romariz- Soutomaior • Ponte Vella (Río Verdugo)- Rúa da Ponte- Romariz- Soutomaior • Fonte Lavadoiro- rúa Muiño Vello- Val-Soutomaior • Ponte Vella río Oitavén- Camiño Ponte Vello Sobral- Soutomaior • Cruceiro Rúa Valmonte e Cruceiro Leiras- Arcade

Concello	Parroquia/núcleo
	<ul style="list-style-type: none"> • Cruceiro Arcade de Riba- Arcade
Vilaboa	<ul style="list-style-type: none"> • Sendeiro dos petroglifos de Cobres PR-G 103 • Sendeiro da Croa • As Salinas do Ulló • Sendeiro do Chan de Vilar e Muiños de Vilaboa • Parque de Cotorredondo • Mámoa do Rei • Forno do Cal

